

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MR605A).

O 27 de xaneiro de 2020 publicáronse no *Diario Oficial de Galicia* as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocaron para o ano 2020. Estas axudas tiñan como finalidade aplicar as medidas 8.3 (axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes) e 8.5 (investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos ecosistemas forestais) que figuran no PDR de Galicia 2014-2020.

Estas axudas están recollidas no Regulamento (UE) 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e foron comunicadas por España á Comisión Europea e publicadas na páxina web da Comisión (http://ec.europa.eu/competition/elojade/isef/case_details.cfm?proc_code=3_SA_43021) o 20 de outubro de 2015, coa clave SA.43021 (2015/XA).

A experiencia na xestión desas axudas no ano 2020 supón modificar certos procedementos na súa tramitación que xustifican a elaboración dunhas novas bases reguladoras.

Así mesmo, e respecto da tramitación destas axudas, desde a convocatoria do ano 2018 incluíuse como obrigatoria a tramitación electrónica do procedemento por parte das persoas físicas solicitantes xa que se considerou acreditado que poden ter acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, toda vez que, de acordo coa experiencia de anos anteriores e tamén por razón da súa capacidade económica, na tramitación das



axudas as persoas físicas son asesoradas na maioría dos casos por gabinetes técnicos, os cales formalizan practicamente toda a solicitude de axuda (proxecto técnico, memorias xustificativas das actuacións, etc).

Ademais a tramitación electrónica do procedemento redunda nunha maior comodidade na presentación e recepción de documentos, así como nunha maior rapidez, seguridade e axilidade na tramitación, cuestións moi valoradas polas persoas físicas.

Por todo o anterior, e polos bos resultados de xestión das convocatorias dos anos 2018, 2019 e 2020, na convocatoria do ano 2021 a tramitación electrónica é obrigatoria tamén para as persoas físicas e está supeditada aos límites establecidos no artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento administrativo MR605A), e se convocan para o ano 2021, a través de dúas liñas de axuda.

2. As dúas liñas de axuda obxecto de subvención son as seguintes:

a) Liña I (medida Feader 8.3): axudas para realizar tratamentos silvícolas (prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permitan crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal e o control selectivo de combustible (como son rozas, desmestas, rareos e podas), coa finalidade de prevención de incendios.

b) Liña II (medida Feader 8.5): axudas para realizar tratamentos silvícolas (rareos, desmestas, podas, cortas de formación, rozas, etc.) e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques que non teñan carácter produtivo.



3. Estas axudas ampáranse nos artigos 21.1.c), 21.1.d), 24 e 25 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello (DOUE 20.12.2013, L347), e tramítanse ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, aprobado pola Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, e modificado, por última vez, mediante a Decisión de execución da Comisión C (2020) 8432 final, do 25 de novembro de 2020.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. O disposto nesta orde será de aplicación para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con exclusión de:

a) Os bosques ou outras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central ou autonómica.

b) Os bosques e outras superficies forestais propiedade da Coroa.

c) Os bosques que pertencen a empresas públicas.

d) Os bosques propiedade de persoas xurídicas, cando polo menos o 50 % do seu capital pertenza a algunha das institucións anteriormente citadas.

e) Os terreos cun proceso iniciado de expropiación forzosa.

f) Os terreos que dentro da Rede Natura 2000 teñan hábitats prioritarios establecidos na Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

2. No caso de montes propiedade do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, a axuda poderá ser concedida se o órgano que xestiona esas terras é un organismo privado.

3. Tamén serán elixibles as actuacións en montes que teñan suscrito un convenio coa Xunta de Galicia ou en montes que teñan solicitado o cambio de consorcio a convenio, en que non estea prevista ningunha actuación con cargo ao convenio, e o proxecto de ordenación o permita, logo de informe favorable do servizos provinciais responsables dos recursos forestais correspondente. Os montes consorciados coa Administración non poden solicitar as axudas dentro da superficie consorciada.



Artigo 3. Beneficiarios

1. Serán beneficiarios as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores, non admitíndose a cesión por parte do arrendatario do terreo a un terceiro.

2. Das axudas previstas nesta orde serán persoas beneficiarias as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os *pro indivisos*, os *pro indivisos* legalmente constituídos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, outras persoas xurídicas, as entidades locais e as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC), que cumpran o establecido no punto 1.

3. Os beneficiarios deben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As CMVMC deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no Rexistro Provincial de CMVMC, de acordo co disposto no artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, para poder acceder a estas subvencións e cumprir co disposto no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polas CMVMC en actuacións de mellora e protección forestal, como moi tarde, o día en que remate o prazo de solicitude da axuda.

5. As Sofor deberán ter a inscrición definitiva no Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal, como moi tarde, o día en que remate o prazo de solicitude da axuda.

6. Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise, de acordo coa definición do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Unha empresa está en crise cando concorre, polo menos, unha das seguintes circunstancias:

a) Tratándose dunha sociedade de responsabilidade limitada, cando desaparecese máis da metade do seu capital social subscrito como consecuencia das perdas acumu-



ladas, circunstancia que sucede cando a dedución das perdas acumuladas das reservas (e de todos os demais elementos que se adoitan considerar fondos propios da sociedade) conduce a un importe acumulativo negativo superior á metade do capital social subscrito.

b) Tratándose dunha sociedade na cal polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade, cando desaparecese polas perdas acumuladas máis da metade dos seus fondos propios que figuran na súa contabilidade.

c) Cando a empresa estea inmersa nun procedemento de quebra ou insolvencia ou reúna os criterios establecidos legalmente para ser sometida a un procedemento de quebra ou insolvencia por pedimento dos seus acredores.

As pemes con menos de tres anos de antigüidade non se considerarán empresa en crise salvo que cumpran a condición establecida na letra c).

Para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas solicitantes deberán declarar na solicitude que non se encontran en situación de crise conforme a normativa comunitaria.

7. Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 4. *Intensidade da axuda*

A intensidade da axuda para estas actuacións será do 100 % calculándose a axuda sobre o custo real subvencionable do investimento determinado no correspondente proxecto técnico ou no anexo IV, segundo o caso, e tendo en conta o anexo XII en que figura o cadro de importes máximos subvencionables por cada tipo de actuación.

Artigo 5. *Actuacións obxecto de axuda*

1. Os tipos de actuacións subvencionables son as seguintes:

a) Liña I (axudas para realización de tratamentos silvícolas preventivos de incendios forestais):

1º. Rareos en masas estables de coníferas con diámetro normal medio da masa antes da actuación inferior a 15 cm e cunha densidade inicial de 2.000 pés/ha ou superior, nas cales poderán existir, nun máximo do 20 % da superficie, bosquetes ocupados por espe-



cies frondosas do anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que se deberán respectar e actuar neles (roza, rareo e poda).

No caso dos rareos en masas de coníferas con diámetro normal medio da masa antes da actuación inferior a 15 cm, deben acadar unha densidade final entre 800 e 1.200 pés/ha; mentres que no caso das masas de *Pinus sylvestris L.*, e *Pinus uncinata*, as densidades máximas desta epígrafe poderanse incrementar nun 30 %.

Tamén é elixible a trituración dos restos, picadura ou extracción para o seu aproveitamento como biomasa, porén, non se poderá solicitar a trituración dos restos, a picadura nin a extracción para o seu aproveitamento como biomasa no caso de que o rareo se realice totalmente de forma sistemática e mecanizada, salvo que os restos que se obteñan despois do tratamento permitan o seu aproveitamento como biomasa.

No caso de masas estables de coníferas con diámetro normal medio da masa antes da actuación inferior a 15 cm e cunha densidade inicial de 2.000 pés/ha ou superior, en que hai máis de 3 anos se fixo un rareo en rúas, será elixible o rareo de entre rúas, debéndose rozar a rúa e realizar o rareo ata acadar unha densidade final entre 800 e 1.200 pés/ha e a trituración dos restos, ou extracción para o seu aproveitamento como biomasa.

As superficies que, conforme os puntos c), d), e) e g) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deberían estar ocupadas por especies frondosas do anexo I da lei e sexan colindantes coas superficies de rareos en masas estables de coníferas, deberán rozarse na súa totalidade respectando os pés existentes de especies frondosas do anexo I da lei.

2º. Rozas e podas en masas de coníferas, dirixidas á creación de discontinuidade tanto horizontal como vertical en masas de coníferas.

Respecto das rozas, despois do tratamento, a totalidade da superficie de actuación deberá estar rozada e a altura do mato despois da roza non pode superar os 10 cm de altura.

Respecto das podas en masas de coníferas, serán ata unha altura mínima de 2 metros e máxima 4 metros e cunha densidade final máxima da masa despois de realizar os traballos de 1.200 pés/ha e mínima de 500 pés/ha. Esta actuación é compatible con podas naturais e podas realizadas con anterioridade en masas onde se tivese realizado un realce co obxectivo de guiar o desenvolvemento normal da árbore e limitada aos primeiros verticilos. No caso das masas de *Pinus sylvestris L.* e *Pinus uncinata* as densidades máximas desta epígrafe poderanse incrementar nun 30 %.



Tamén é elixible a trituración de restos de poda, picadura ou extracción para o seu aproveitamento como biomasa.

Ademais dentro desta epígrafe terá que solicitarse obrigatoriamente a poda, e poderanse solicitar sobre a mesma superficie as rozas, sempre que a altura do mato a faga necesaria. Despois do tratamento, e co fin de garantir a creación de discontinuidade horizontal e vertical, a altura do mato existente na totalidade da superficie obxecto de axuda non pode superar os 50 cm de altura, excepto no caso de solicitar a roza que non poderá superar os 10 cm.

Despois do tratamento, na superficie obxecto de axuda non poderán existir pés puntuais de eucalipto (*Eucalyptus sp.*) nin de acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) e/ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*).

As superficies que, conforme os puntos c), d), e) e g) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deberían estar ocupadas por especies frondosas do anexo I da lei e sexan colindantes coas superficies de podas en masas de coníferas deberán rozarse na súa totalidade respectando os pés existentes de especies frondosas do anexo I da lei.

b) Liña II (axudas para tratamentos silvícolas –rareos, desmestas, podas, cortas de formación, rozas, etc.– e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculados ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques). Ao ser esta liña de axudas unha medida con obxectivos ambientais e non produtivos, as actuacións elixibles que se detallan a continuación non conducirán a un aumento significativo no valor ou rendibilidade da explotación forestal:

1º. Tratamentos silvícolas en masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio da masa inferior aos 30 cm, considerando como tales aquelas cun mínimo dun 80 % de superficie ocupada por frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras, e cunha densidade mínima destas de 400 pés/ha e altura media superior a 1,5 m.

Nesta epígrafe son elixibles a roza, a formación de guías en que se manifeste nitidamente a dominancia apical e/ou poda ata 1/3 da altura como mínimo, e selección de abrochos e os rareos.

Despois do tratamento, na superficie obxecto de axuda non existirán pés de eucalipto (*Eucalyptus sp.*).



Por outra banda, no caso de existencia de pés de acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) e/ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*), estes deberanse eliminar antes de rematar o tratamento.

Así mesmo, dentro desta epígrafe poderanse solicitar e acumularse as súas accións sobre unha mesma superficie sempre que o importe por hectárea non supere os 2.212 € sen incluír os custos de redacción de proxecto e o cartel.

2º. Rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros cunha densidade mínima de 50 pés/ha.

Nesta epígrafe son elixibles as rozas, as podas, os tratamentos fitosanitarios para a conservación e mellora dos soutos, e o aumento da densidade dos soutos mediante a plantación de castiñeiro resistente á tinta.

Tamén dentro desta epígrafe poderán solicitarse e acumularse diferentes actuacións sobre unha mesma superficie sempre que o importe por hectárea non supere os 1.544 € sen incluír os custos de redacción de proxecto e o cartel.

2. As actuacións indicadas nas liñas I e II non poderán obter axuda sobre unha mesma superficie.

3. Poderanse subvencionar os honorarios de redacción de proxecto, logo de solicitude, segundo o tope por hectárea indicado no anexo XII dos importes máximos de traballos, e só naqueles casos onde é obrigatoria a súa presentación.

4. Non serán elixibles as actuacións realizadas en superficies sobre as cales se concedeu subvención nos 5 anos anteriores á presente convocatoria, excepto no caso de traballos de control selectivo do combustible (MR651A), que se limitará aos 3 anos anteriores. O computo dos anos farase con respecto ao ano de concesión da axuda (concesión de axuda no ano 2016, no caso de 5 anos; e concesión de axuda no ano 2018 no caso de 3 anos).

5. Tampouco serán elixibles as actuacións que por disposicións legais sexan obrigatorias.

6. O IVE non é subvencionable.



Artigo 6. Superficies forestais mínimas e máximas para solicitar axudas, e superficies excluídas

1. Superficie mínima:

a) Para todos os solicitantes, con excepción das Sofor, as agrupacións legalmente constituídas e dos propietarios particulares de xeito individual, a superficie mínima de actuación por solicitude será de 3 hectáreas nun ou varios coutos redondos e sempre e cando a superficie mínima de cada couto sexa de 1 hectárea.

b) Para propietarios particulares de xeito individual a superficie de actuación mínima por solicitude será de 1 hectárea por couto redondo.

c) No caso das agrupacións legalmente constituídas e Sofor, a superficie mínima de actuación será de 1 hectárea, distribuída en non máis de 3 coutos redondos por solicitude de axuda,

2. Superficie máxima:

a) Para todos os solicitantes, a superficie máxima de actuación por solicitude será de 50 hectáreas nun ou varios coutos redondos, e sempre e cando a superficie mínima de cada couto sexa de 1 hectárea excepto no caso das Sofor e das agrupacións legalmente constituídas que poderán ter coutos redondos inferiores a 1 hectárea.

3. En todos os casos a continuidade superficial do couto redondo non se verá interrompida pola existencia de barreiras naturais ou artificiais.

4. Superficies excluídas:

a) Exclúiranse da superficie de actuación os encravados de extensión igual ou superior a 100 m², pistas, estradas, etc.

b) En superficies en concentración parcelaria en execución soamente poden ser aprobadas as axudas solicitadas en superficies en que o acordo de concentración parcelaria sexa firme antes do remate do prazo de solicitude destas axudas. Non obstante, poderanse aprobar as axudas nos casos en que, non sendo firme o acordo, o servizo provincial responsable das infraestruturas agrarias emita un certificado en que indique o nome do propietario e a manifestación de que o dito predio non vai cambiar.



c) As superficies incluídas nun proceso iniciado de expropiación forzosa non se poderán beneficiar destas axudas.

d) No caso de existiren valores singulares de tipo xeolóxico, edáfico, botánico, faunístico, histórico, literario e paisaxístico, delimitarase a súa localización e zona de influencia e excluíranse da superficie de actuación.

Artigo 7. *Condicións técnicas xerais*

1. No anexo VIII figuran as instrucións técnicas que deben cumprir as actuacións polas cales se solicita axuda.

2. Nos terreos obxecto de solicitude de axuda deberá cumprirse, en todo caso, o disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e no seu desenvolvemento. Ademais, as actuacións elixibles deberán ter compatibilidade co Plan de protección forestal englobado dentro do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).

3. Todos os solicitantes destas axudas, no intre da solicitude de axuda, deberán ter adhesión aos modelos silvícolas da totalidade do monte, consonte o establecido no Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia e a Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia (procedemento MR627D), coa seguinte excepción:

– Se a persoa solicitante dispón dun instrumento de ordenación ou de xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados, é suficiente con que na solicitude de axuda faga referencia a esta circunstancia.

4. Características da planta empregada: as partidas de planta empregada deberán cumprir cos seguintes requirimentos:

i) Etiquetado e documento provedor expedido polo ente provedor de material forestal de reprodución consonte o Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, e a súa modificación recollida no Real decreto 1220/2011, do 5 de setembro.



ii) Os entes provedores de material forestal de reprodución que teñan expedidos os ditos documentos provedores, e con sede social en Galicia, deberán ter presentado correctamente a súa declaración anual de material forestal de reprodución da campaña 2019/2020, mediante o modelo MR621K, establecido para tal efecto na sede electrónica da Xunta de Galicia.

iii) Os entes provedores de material forestal de reprodución que teñan expedidos os ditos documentos provedores deberán acompañar unha declaración responsable en que certifiquen que dito material forestal de reprodución cumpre cos requirimentos establecidos polo Decreto 220/2007, do 15 de novembro, polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución, en materia de calidade exterior.

iv) Pasaporte fitosanitario do material forestal de reprodución consonte a lexislación vixente en materia de sanidade vexetal. A produción e a comercialización do material forestal de reprodución poderá proceder de calquera persoa provedora da Unión Europea, salvo que por motivos de sanidade vexetal a consellería competente no medio rural estableza medidas preventivas.

5. En cumprimento do establecido no artigo 45 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, as operacións de investimento Feader irán precedidas dunha avaliación de impacto ambiental, conforme a lexislación vixente. Neste suposto, no caso de que o investimento requira unha avaliación de impacto ambiental, esta realizarase conforme o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. O solicitante deberá acreditar a súa dispoñibilidade en sentido favorable e autorizar a Consellería do Medio Rural que reciba copia do informe para os efectos de tramitación da solicitude, especialmente no caso de terreos en Rede Natura 2000, quedando exceptuadas da dita obriga as superficies que contén cun instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados cuxa actuación estivera incluída no seu plan especial, toda vez que os ditos informes xa foron obtidos, polo que, neste caso, o solicitante deberá indicar, por escrito, esta circunstancia. Ademais, o solicitante deberá cumprir a normativa en materia de avaliación de impacto ambiental, en aplicación da Directiva 2011/92/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente, e conforme o disposto na normativa de axudas de estado, en concreto, na Lei 21/2013, se fose de aplicación.



6. Os terreos obxecto de solicitude de axuda, no intre da solicitude de axuda, deberán ter instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados e as accións solicitadas deben estar previstas nel, ou adhesión aos modelos silvícolas da totalidade do monte, consonte o establecido no Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, e a Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia (procedemento MR627D), e as actuacións solicitadas deberán ser coherentes co dito modelo.

Artigo 8. *Condicións técnicas para a redacción do proxecto das actuacións*

1. No anexo IX figuran as instrucións do formato da información do proxecto en soporte dixital e vectorial, que se debe presentar xunto coa solicitude de axuda e demais documentos.

2. No proxecto, coas actuacións, deberá figurar como mínimo o seguinte:

a) Estado legal do predio obxecto de solicitude de axuda: superficie, localización, estremeiros, accesos...

b) Descrición das actuacións para levar a cabo.

c) Especies, densidade final, quenda da especie...

d) Indicación segundo o visor <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/> se existe algunha afección, de que afección se trata e localización das parcelas afectadas, agás para actuacións xa contidas nos instrumentos de ordenación ou xestión forestal inscritos no Rexistro de Montes Ordenados, para o que deberá indicar a dita casuística.

e) Orzamento, de acordo coa norma UNE 157001 de xuño 2014 «Criterios xerais para a elaboración formal dos documentos que constitúen un proxecto técnico».

f) Cartografía: planos sobre mapas oficiais. A planimetría do proxecto presentarase xeoreferenciada en coordenadas UTM, fuso 29, con referencia ao datum ETRS89, e terá que ser achegada en soporte dixital en formato vectorial, en formato shape (shp), obtido a partir dun plano de escala mínima 1:10.000 e preferentemente 1:5.000. Indicarase claramente o ano do SIXPAC respecto do cal se toman os datos. No caso de instrumento de ordenación indicaranse os rodais e cantóns de ordenación.



As agrupacións de propietarios terán que incluír nos planos unha referencia que permita coñecer cal é a superficie con que participa cada membro da agrupación, agás no caso de sociedades de fomento forestal inscritas no Rexistro de Sofor (Rsofor).

Nos planos presentados deberá reflectirse indubidablemente onde se localizan os distintos tratamentos que se van efectuar na mesma parcela, tendo que aparecer na correspondente táboa de atributos os datos de tipo e superficie de actuación de cada recinto, segundo a táboa número 1 do anexo IX.

g) Estudo básico de seguridade e saúde.

h) Prego de condicións técnicas: de acordo coas normas de redacción de proxectos.

Artigo 9. *Compromisos*

1. Respecto do mantemento e conservación das masas sobre as cales se realizaron as actuacións:

a) O beneficiario da axuda comprométese a manter a masa, incluído o cartel identificativo, conforme as condicións de aprobación da axuda e a conservalos durante un mínimo de cinco anos contados desde a data da solicitude de pagamento da axuda, e no caso de ter instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados será a quenda da especie indicada no proxecto, e proceder á devolución do diñeiro percibido e dos seus xuros legais se o bosque é danado ou destruído por descoido, negligencia, cambio de uso ou falta de coidados silvícolas por parte do solicitante. Tamén se compromete, nos cinco anos contados desde a data da solicitude de pagamento da axuda, a manter as condicións para obter a puntuación aplicada na concorrência competitiva para a aprobación dos expedientes.

b) No caso de sociedades e agrupacións de propietarios legalmente constituídas, comunidades de bens, os *pro indivisos*, os *pro indivisos* legalmente constituídos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, todos os seus membros comprométese a cumprir todos os compromisos e obrigas, establecidos nesta orde, así como na demais normativa concorrente. A responsabilidade do bo fin da actuación será exigible a cada propietario segundo a lexislación aplicable en cada caso. Todos os membros integrantes comprométese a levar unha xestión conxunta da masa durante un mínimo de cinco anos, contados a partir da data de pagamento da axuda.



2. Se unha vez efectuada a solicitude e antes da aprobación, o terreo fose obxecto dun incendio forestal ou queima do mato, o beneficiario deberá comunicalo inmediatamente, por escrito, ao servizo provincial responsable dos recursos forestais, co obxecto de adecuar a memoria descritiva das actuacións á nova realidade física do terreo antes do inicio dos traballos.

3. No caso de abandono ou destrución da masa por calquera causa, agás forza maior allea ao beneficiario, suspenderanse todas as axudas pendentes ata que sexa restaurada a superficie abandonada ou destruída, total ou parcialmente, sen prexuízo dos compromisos adquiridos e das responsabilidades que deriven. O solicitante estará obrigado a comunicar no prazo máximo dun mes os feitos e circunstancias que provocaron a destrución da totalidade ou de parte da masa.

4. O beneficiario comprométese en todo momento a facilitar as tarefas de inspección ao persoal adscrito á consellería competente no medio rural nas materias relacionadas nesta orde.

5. Nas superficies de actuación todos os beneficiarios comprométese a cumprir co establecido no manual de boas prácticas na xestión forestal sustentable. Este aspecto verificarase na comprobación final e o seu incumprimento pode dar á revogación da axuda concedida segundo se resolva o correspondente acordo de inicio de perda de dereito. Así mesmo, nos montes conveniados que formen parte do Sistema de xestión forestal sustentable da Xunta de Galicia, os beneficiarios das axudas comprométese a cumprir co establecido no manual de boas prácticas na xestión forestal sustentable.

6. No caso de cesións de pagamento, o titular da conta bancaria debe coincidir co cesionario e comprométese a manter a conta aberta ata o final do proceso de xestión da axuda.

7. En todos os casos, e para calquera tipo de titular, o persoal que executou os traballos deberá estar dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social e poderáselle solicitar en calquera momento que verifique que cumpre o devandito requisito. Ademais as empresas executoras deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor).

Artigo 10. *Distribución do crédito e prioridades*

1. Distribución do crédito.

a) Resérvanse as seguintes porcentaxes da dispoñibilidade orzamentaria indicada no artigo 22, punto 1.a) e b), segundo o tipo de beneficiario:

a.1. Propietarios particulares de xeito individual: 10 %.



a.2. Asociacións e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrarias, *pro indivisos*, os *pro indivisos* legalmente constituídos, comunidades de bens, montes de varas, Sofor e outras persoas xurídicas: 45 %.

a.3. CMVMC: 45 %.

Para entidades locais reservase o 100 % da dispoñibilidade orzamentaria indicada no artigo 22, punto 1.c).

b) Dentro de cada tipo de beneficiario, excepto para entidades locais, segundo o tipo de traballo, distribúese o crédito do seguinte xeito:

b.1. Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).1º (rareos en masas estables de coníferas con diámetro normal medio da masa inferior a 15 cm): 4.500.000 €.

b.2. Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).2º (rozas e podas en masas de coníferas): 4.500.000 €.

b.3. Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).1º (tratamentos silvícolas de masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio inferior a 30 cm): 2.000.000 €.

b.4. Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).2º (rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros): 2.000.000 €.

c) Para entidades locais o crédito distribúese do seguinte xeito:

– 36.000 € para actuacións incluídas no artigo 5.1.a).1º (rareos en masas estables de coníferas con diámetro normal medio da masa inferior a 15 cm).

– 36.000 € para actuacións incluídas no artigo 5.1.a).2º (rozas e podas en masas de coníferas).

– 24.000 € para actuacións incluídas no artigo 5.1.b).1º (tratamentos silvícolas de masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio inferior a 30 cm).

– 24.000 € para actuacións incluídas no artigo 5.1.b).2º (rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros).



2. Establecerase unha orde de prioridade segundo a seguinte prelación e liña de axuda (I ou II), tendo en conta que a data de referencia á hora de computar os méritos será a correspondente ao derradeiro día de presentación de solicitudes. As solicitudes presentadas ordenaranse, segundo a liña de axuda, de acordo cos criterios de prioridade indicados na seguinte epígrafe, e aprobaranse os proxectos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible:

a) CMVMC con investimentos de máis dun 40 % dos seus ingresos no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda: 10 puntos.

b) CMVMC con investimentos dun 50 % a un 60 % dos seus ingresos no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda: 20 puntos.

c) CMVMC con investimentos de máis do 60 % dos seus ingresos no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda: 30 puntos.

d) Posta en valor de CMVMC: 10 puntos.

e) Por cada membro de CMVMC, sociedade ou agrupación de propietarios particulares, cooperativa agrícola, *pro indiviso* (copropietarios), de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, ou de comunidade de bens: 1 punto, ata un máximo de 10 puntos.

f) No caso dunha sociedade ou agrupación de propietarios legalmente constituída con xestión conxunta: 10 puntos.

g) Sociedade de fomento forestal rexistrada (Sofor): 50 puntos.

h) Monte con proxecto de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados, ou que teñan solicitada a súa aprobación: 10 puntos.

i) Montes con certificación forestal co sistema PEFC ou FSC: 20 puntos.

j) Sociedade ou agrupación de propietarios en zonas de concentración parcelaria forestal: 10 puntos.

k) CMVMC sen convenio ou consorcio en toda a superficie clasificada da comunidade de montes: 30 puntos.

l) Zonas desfavorecidas (establecidas na medida 13 do PDR): 10 puntos.



m) Zonas de alto risco de incendio forestal (Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal): 10 puntos.

n) Actuación en zona clasificada como Rede Natura 2000: 10 puntos.

ñ) Actuacións que se vaian realizar en montes en que existan masas consolidadas de frondosas autóctonas inscritas, ou en proceso de inscrición, no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas: 20 puntos.

o) Rareos en masas estables de coníferas (para solicitantes da liña I): 1 punto por hectárea de actuación, ata un máximo de 40 puntos.

p) Rozas previas ás podas e podas en masas de coníferas (para solicitantes da liña I): 1 punto por hectárea de actuación, ata un máximo de 40 puntos.

q) Tratamentos silvícolas en masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras (para solicitantes da liña II): 6 puntos por hectárea de actuación ata un máximo de 40 puntos.

r) Rexeneración e/ou mellora de masas de soutos de castiñeiros (para solicitantes da liña II): 4 puntos por hectárea de actuación ata un máximo de 40 puntos.

s) Por solicitude de propietario particular, sociedade ou agrupación de propietarios particulares, de cooperativa agrícola, do *pro indiviso* (copropietarios), dos de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, ou da comunidade de bens: 15 puntos.

t) Por cada parcela para a cal se solicitou axuda que estea dada de alta no Rexistro da Propiedade, no caso de propietario particular, sociedade ou agrupación de propietarios particulares, de cooperativa agrícola, do *pro indiviso* (copropietarios), dos de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, ou de comunidade de bens: 1 punto por cada parcela, ata un máximo de 10 puntos.

u) 40 puntos se as actuacións se atopan nas seguintes superficies incluídas en:

– A área demarcada establecida polo artigo 2 do Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de cuarentena do nemátodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación (DOG nº 24, do 4 de febreiro de 2011);



– O anexo IV da Resolución do 28 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza de cinco novos positivos do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* e se ordena comezar as medidas para a súa erradicación (DOG nº 8, do 11 de xaneiro de 2019),

– Os puntos 1.a) e b) da Resolución do 6 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se dá publicidade ao inicio da execución de medidas fitosanitarias para a erradicación do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* na zona demarcada das Neves e na franxa tampón de 20 quilómetros coa fronteira con Portugal (DOG nº 76, do 20 de abril de 2017).

3. A puntuación máxima será de 65 puntos, mentres que a mínima será de 20 puntos. En caso de empate, desempatarase polos seguintes criterios, segundo sexa o tipo de beneficiario, e na orde que se establece:

1. Situación da actuación para apoiar medidas de erradicación do organismo de cuarentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus*.

2. Situación da actuación en zonas desfavorecidas.

3. Situación da actuación en Rede Natura 2000.

4. Actuacións que se vaian realizar en montes en que existan masas consolidadas de frondosas autóctonas inscritas, ou en proceso de inscrición, no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas.

5. Actuacións que se vaian realizar en montes inscritos no Rexistro de Montes Ordenados, ou que fora solicitada a aprobación do instrumento de ordenación ou xestión forestal.

6. Maior superficie de actuación.

7. Maior importe de subvención.

4. No caso de que unha vez priorizados os expedientes solicitados non se consuma a totalidade do importe establecido polas distintas porcentaxes de cada tipo de beneficiario e tipo de traballo na distribución do crédito detallado no punto 1, os importes sobrantes dos distintos puntos pasarán aos demais para facer fronte aos expedientes solicitados.



Artigo 11. Solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible (anexo I) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. A persoa solicitante fará constar na solicitude de axuda (anexo I) se a superficie de actuación comprende zonas incluídas na Rede Natura 2000, zonas de protección lateral do Camiño de Santiago ou se está afectada pola normativa de patrimonio cultural de Galicia, conforme o Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, e tendo en conta o disposto nas letras h) e i) do punto 1 do terceiro precepto da Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento (DOG núm. 231, do 5 de decembro de 2017), así como calquera outra afección segundo a lexislación sectorial vixente en materias distintas da forestal. As ditas afeccións están reflectidas no visor que figura no enderezo electrónico <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>, agás no caso das superficies que contén cun instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados cuxa actuación estivera incluída no seu plan especial, toda vez que os ditos informes xa foron obtidos, polo que o solicitante deberá indicar, por escrito, a dita circunstancia.

O solicitante, de acordo co punto c.5) do artigo 13, deberá presentar, xunto coa solicitude de axuda (anexo I), as ditas autorizacións/informes dos órganos competentes por razón da materia ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes presentadas perante os órganos competentes, de acordo co que establece o punto 3 letra f) deste artigo. No caso de que a dita autorización/informe xa constase en poder da Administración, deberá indicalo no impreso de solicitude da axuda. No caso de que unha



vez resolta a concesión da axuda algunha das autorizacións/informes sexa desfavorable ou sexa presentada fóra do prazo de 3 meses, contados desde a resolución de aprobación, de acordo co establecido no punto 6 do artigo 16, procederáse á tramitación do correspondente expediente de perda do dereiro ao cobramento da axuda.

3. Deberán presentar a solicitude correctamente cuberta conforme o anexo I, xunto co resto de anexos, se fose necesario. Os datos da solicitude que se citan a seguir considéranse o mínimo imprescindible para a súa tramitación, polo que a inexactitude, falsidade ou omisión de calquera dos datos determinará a imposibilidade de continuar coa tramitación da subvención e dará lugar á inadmisión da solicitude, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedesen. Estes datos son:

a) Datos da persoa solicitante (nome, apelidos, NIF e enderezo completo).

b) En todos os casos, correo electrónico ou teléfono móbil.

c) Datos do tipo de solicitante.

d) Tres ofertas de diferentes provedores, nas cales debe constar coma mínimo: sinatura, NIF ou número do Resfor, nome e enderezo da empresa ofertante ou da persoa que asine; o nome ou razón social da persoa solicitante da axuda; a data de expedición; os conceptos ofertados e o seu importe.

e) Número de expediente dixital da adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal da totalidade do monte, excepto no caso de instrumentos de ordenación ou xestión forestal inscritos no Rexistro de Montes Ordenados ou solicitada a súa aprobación.

f) Autorizacións/Informes dos órganos competentes indicados no punto 2 (incluída solicitude de avaliación de impacto ambiental, se for o caso) ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante os órganos competentes, reflectidas no visor que figura no enderezo electrónico <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>.

4. Para cada liña de axuda (liña I-liña II) soamente se poderá presentar unha solicitude por titular, ano e para os terreos que se atopen nun mesmo concello, agás no caso de que un titular teña terreos en dúas ou máis agrupacións forestais, nas cales o 50 % dos seus membros deberá ser distinto. No caso contrario, procederáse de oficio a archivar sen máis trámite as solicitudes presentadas con posterioridade á primeira. Deberase presentar unha solicitude para cada petición realizada sobre diferentes concellos.



5. Toda a información para a presentación de solicitudes está dispoñible na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>. Tamén se poderá acceder a través da Oficina Agraria Virtual (OAV) dispoñible no enderezo <https://mediorural.xunta.gal/gl/oficina-virtual-do-medio-rural>.

6. A presentación da solicitude non implica ningún dereito para o peticionario mentres non exista resolución favorable á petición.

Artigo 12. *Prazos*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Os traballos solicitados na solicitude de axuda non poderán iniciarse antes da inspección previa a que se refire o artigo 17 desta orde e estarán condicionados á aprobación da axuda.

Artigo 13. *Documentación necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Documentación xeral:

a.1) No caso do representante, e de acordo co artigo 5.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberá acreditar esa representación mediante algún dos seguintes medios de acreditación:

A. Por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna:

1. Poder notarial.

2. Representación legal, debendo presentar a autorización asinada e a copia de escrituras ou poderes onde se acredite a representación legal.

B. Mediante declaración en comparecencia persoal do interesado (poder *apud acta*):

Realizará o levantamento de acta un funcionario público dunha oficina de asistencia en materia de rexistros, e deixará constancia de que a partir dese momento un suxeito actuará



como representante doutro, apartarase desde ese momento a persoa representada do procedemento e dirixiranse as seguintes actuacións ao representante.

C. Mentres non entre en vigor o Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos, declaración responsable asinada electronicamente polo solicitante e a persoa á cal se lle outorga a representación, en que se deixe constancia de que a partir dese momento un suxeito actúa en nome e representación doutro suxeito.

a.2) Acreditación da propiedade:

A propiedade acreditarase no caso das CMVMC, mediante declaración responsable e de acordo cos datos que figuren no Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

No caso de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, mediante declaración responsable e de acordo cos datos que figuren no Rexistro de Montes de Varas, Abertais, de Voces, de Vocerío ou de Fabeo.

No caso de Sofor, mediante declaración responsable e de acordo cos datos que figuren no Rexistro de Sofor (Rsofor).

No caso de propietarios particulares de xeito individual mediante algún dos seguintes documentos: escritura pública ou privada (en que se inclúa a relación catastral das parcelas e permita xustificar a propiedade ou outro dereito adquirido), contrato de xestión, inscrición rexistral dos predios, certificación catastral; fichas catastrais (nominais), xustificante do pagamento do IBI, ou coa inscrición como titular dunha explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia así como dos predios sobre as que se solicita a axuda.

No caso de *pro indivisos*, de *pro indivisos* legalmente constituídos, asociacións e agrupación de propietarios legalmente constituída, excepto SAT e cooperativas, mediante unha copia do documento que acredite a propiedade dos terreos (só para os efectos desta orde).

No caso de agrupacións de propietarios legalmente constituídas (SAT ou cooperativas) mediante certificado do responsable do Rexistro de SATs e do responsable do Rexistro das Cooperativas de Galicia.

No caso de titulares non propietarios do terreo, copia do contrato de arrendamento ou de xestión cunha duración equivalente, polo menos, ao período de compromiso da axuda.



a.3) As CMVMC, as sociedades e as agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas, cooperativas agrícolas, os *pro indivisos*, os *pro indivisos* legalmente constituídos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío, de fabeo, comunidades de bens, outras persoas xurídicas e os propietarios particulares de xeito individual que soliciten axuda para unha superficie de actuación igual ou superior a 10 hectáreas deberán presentar un proxecto (en formato PDF ou similar, e coa cartografía en soporte dixital en formato vectorial), de acordo co establecido no artigo 8, asinado con certificado dixital por unha persoa titulada en enxeñería de montes ou enxeñería técnica forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal, e co nomeamento do director de obra.

a.4) En todos os casos o solicitante deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, en que figurarán detalladas as actuacións que se realizarán (desagregación de todas as actuacións polas que se solicita axuda por custos unitarios de unidades de obra, incluído o cartel publicitario, se for caso). A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable, e non se admitirán as ofertas que procedan de empresas vinculadas entre elas nin coa persoa solicitante da axuda, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Estas ofertas deberán estar asinadas e incluír, como mínimo, o NIF, nome e enderezo da empresa ofertante, o nome ou razón social da persoa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados. Así mesmo, as empresas e persoas individuais que sexan responsables deses orzamentos deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor). Por outra banda, non poderá haber vinculación entre o solicitante da axuda e calquera dos ofertantes e, en referencia ao artigo 27.7.d), da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas co dito beneficiario. Para estes efectos, consideraranse persoas ou entidades vinculadas aquelas que se atopen nalgúns dos casos establecidos no artigo 18 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

a.5) Número de expediente dixital da adhesión aos modelos silvícolas da totalidade do monte, excepto no caso de instrumentos de ordenación ou xestión forestal inscritos no Rexistro de Montes Ordenados ou en proceso de aprobación.

a.6) Declaración responsable da clasificación urbanística das parcelas para as que se solicita a axuda e localización nos planos do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) ou nas normas subsidiarias ou no Plan básico autonómico de Galicia (PBA, Decreto 83/2018, do 26 de xullo, DOG nº 162, do 27 de agosto de 2018) das ditas parcelas. No caso dunha



afección distinta da forestal (Camiño de Santiago, Patrimonio, Dominio Público Hidráulico, etc.), farase constar tamén nesta declaración responsable, agás para actuacións incluídas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal inscritos no Rexistro de Montes Ordenados, debendo o solicitante facer constar a dita circunstancia.

b) Documentación específica:

b.1) Para asociacións ou agrupacións formalmente constituídas inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia, presentarán o anexo II ou acordo de cesión asinado por todos e cada un dos compoñentes da agrupación. A asociación ou agrupación deberá estar inscrita no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia na data do remate do prazo de presentación da solicitude de axuda.

b.2) Para os *pro indivisos*, os *pro indivisos* legalmente constituídos, montes de varas, fabeo, de vocerío, de voces, abertais e comunidades de bens, presentarán asinado o anexo III «Acordo de compromisos e obrigas» por todos e cada un dos seus compoñentes, e deberán presentar a acreditación da persoa física que as representa.

b.3) No caso de propietarios particulares de xeito individual que soliciten axuda para unha superficie de actuación inferior a 10 hectáreas, documento descritivo das actuacións ou anexo IV.

c) Documentación complementaria:

c.1) No caso de CMVMC: certificado do acordo tomado en asemblea xeral, asinado polo secretario, co visto e praxe do presidente, conforme autorizan que o presidente da CMVMC solicite axudas á Consellería do Medio Rural para a execución das accións obxecto da solicitude.

c.2) No caso de cooperativas agrarias: certificado do responsable do rexistro conforme se atopa inscrita e anexo V debidamente cuberto.

c.3) No caso doutras entidades xurídicas (asociacións, agrupacións, Sofor etc.): certificado do responsable do rexistro conforme se atopa inscrita e anexo V debidamente cuberto.

c.4) No caso de propietarios particulares, sociedade ou agrupación de propietarios particulares, de cooperativa agrícola, do *pro indiviso* (copropietarios), do *pro indiviso* legalmente constituído, de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, ou de comuni-



dade de bens que teñan parcelas inscritas no Rexistro da Propiedade, e unicamente para os efectos de desempate na puntuación da orde de prioridade, deberán presentar copia de documento que acredite as parcelas inscritas no Rexistro da Propiedade.

c.5) Autorizacións/Informes dos órganos competentes indicados no artigo 11 punto 2 (incluída solicitude de avaliación de impacto ambiental, se for o caso), agás en superficies que contén cun instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados cuxa actuación estivese incluída no seu plan especial, toda vez que os ditos informes xa foron obtidos:

c.5.1) Autorización/Informe do órgano competente indicando que os traballos obxecto de solicitude de axuda teñen actuacións en zona clasificada como Rede Natura 2000 ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente.

c.5.2) Autorización/Informe do órgano competente indicando que a superficie obxecto de solicitude de axuda comprende zona de protección lateral do Camiño de Santiago ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente.

c.5.3) Autorización/Informe do órgano competente indicando que a superficie obxecto de solicitude de axuda está afectada pola normativa de patrimonio cultural de Galicia conforme o Decreto 232/2008, do 2 de outubro, e tendo en conta o disposto nas letras h) e i) do punto 1 do terceiro precepto da Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmoables catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento (DOG núm. 231, do 5 de decembro de 2017), así como calquera outra afección segundo a lexislación sectorial vixente en materias distintas da forestal ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente.

c.5.4) Autorización/Informe do órgano competente indicando que os traballos obxecto de solicitude de axuda precisan avaliación de impacto ambiental ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente.

C.6) No caso das entidades locais: certificado do secretario municipal conforme se informou a comisión de goberno da solicitude de axuda.



2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica supera os tamaños máximos establecidos ou ten un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

Artigo 14. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta, excepto no caso de entidades locais:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.



- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI/NIE da persoa representante (se for o caso).
- d) DNI/NIE da persoa cesionaria (se for o caso).
- e) NIF da entidade cesionaria (se for o caso).
- f) DNI/NIE da persoa representante da persoa cesionaria (se for o caso).
- g) Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social a persoa solicitante e, se for o caso, da persoa cesionaria.
- h) Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias (AEAT) a persoa solicitante e, se for o caso, da persoa cesionaria.
- i) Estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda a persoa solicitante e, se for o caso, da persoa cesionaria.
- j) Estar inhabilitada a persoa solicitante para obter subvencións públicas.
- k) Ter recibido a persoa solicitante axudas pola regra *de minimis*.
- l) Concesión de subvencións e axudas da persoa solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo I, e VI e VII (se for o caso), e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos deberase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 15. *Tramitación*

1. Os órganos competentes para tramitar esta orde de axudas son a subdirección xeral e os servizos provinciais responsables dos recursos forestais.



2. As solicitudes presentadas enviaranse, revisaranse e codifícanse nos servizos provinciais responsables dos recursos forestais. As solicitudes en que non figuren os datos obrigatorios establecidos no artigo 11.3 desta orde non serán admitidas a trámite.

3. Os servizos provinciais responsables dos recursos forestais examinarán as solicitudes presentadas e requiriranlles aos solicitantes que, no prazo máximo de dez días hábiles, acheguen a documentación non presentada e, no caso de que as solicitudes conteñan defectos ou omisións, as emenden, conforme se establece no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste requirimento indícase ademais que, se non se fixese, se terá por desistido da súa petición, logo de notificación nos termos que se recollen no artigo 21 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Os servizos provinciais responsables dos recursos forestais analizarán a documentación presentada coa solicitude. No caso de discrepancia entre a solicitude/declaración xurada e a documentación acreditativa dos criterios obxecto da priorización na axuda, dado que se trata dun procedemento por concorrencia competitiva que afecta terceiros, a solicitude declararase decaída no seu dereito a trámite.

En caso de que o proxecto sexa de cantidade económica superior ao estimado na solicitude, prevalecerá a contía reflectida na solicitude.

5. Unha vez tramitadas as solicitudes, a persoa responsable da xefatura territorial de cada provincia propondrá a relación de solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria e as que non os cumpren ou non se axustan, indicará a súa causa de incumprimento e remitiralla á subdirección xeral responsable dos recursos forestais.

6. Posteriormente, a persoa titular da subdirección xeral de recursos forestais emitirá un informe onde se reflectan os criterios de priorización, as solicitudes que, de acordo coa clasificación realizada atendendo a estes criterios, cubren a dispoñibilidade orzamentaria, e formulará a proposta de resolución que, de acordo co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, resolverá a persoa titular da dirección xeral responsable da planificación e ordenación forestal por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.



7. A aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustarase aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

8. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Este prazo poderase ampliar segundo o indicado no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de non se ditar resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da mesma lei.

9. As resolucións de subvención ditadas ao abeiro da correspondente orde, así como a desestimación presunta de solicitudes, poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que venza o prazo para resolver previsto no punto 8 deste artigo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

10. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 16. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos, agás as que se refiren no punto 6, practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de



Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Malia o establecido nos anteriores números, as notificacións das resolucións de aprobación e denegación destas axudas realizaranse mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación e expresaranse, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e o prazo para interpoles. Tamén figurará a puntuación de todos as solicitudes que entran no procedemento de concorrencia competitiva. Así mesmo, tamén figurará a relación de todos os expedientes aprobados que non dispoñan da autorización ou informe sectorial de afeccións, distinta da forestal, aos que se lles concederá un prazo de 3 meses para a súa presentación, contados desde a data de publicación da resolución de aprobación.

7. Na notificación de concesión da axuda informarase os beneficiarios de que a operación se financia en virtude dun programa cofinanciado polo Feader, así como da medida e da prioridade do PDR de que se trata.



Artigo 17. *Inspeccións previas*

Funcionarios da Consellería do Medio Rural realizarán unha inspección no campo para verificar as superficies polas que se solicita axuda, comprobar os datos da solicitude, a viabilidade dos traballos e súa compatibilidade co Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga). Esta inspección realizarase antes da resolución de aprobación. Unha diferenza superior ao 30 % entre os datos achegados coa solicitude/documentación acreditativa e as comprobacións que resulten na inspección de campo implicará a denegación da axuda. Será remitida, só no caso de minoración ou denegación, desde os servizos provinciais responsables dos recursos forestais copia da inspección aos solicitantes das axudas.

Artigo 18. *Execución dos traballos*

1. O prazo para executar e xustificar as axudas concedidas nesta orde remata o 31 de maio de 2022, para propietarios particulares de xeito individual, sociedades e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrícolas, *pro indivisos*, comunidades de bens, entidades locais e outras persoas xurídicas (S.A., S.L., ...) e o 30 de xuño de 2022 para CMVMC.

2. O custo de execución dos traballos subvencionados non pode ser superior ao valor de mercado.

3. A axuda definitiva será a resultante da comprobación final realizada por dúas persoas funcionarias da consellería competente no medio rural, unha delas distinta das que realizaron a inspección previa.

Coa comprobación final poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente no caso de que se realizase un menor número de unidades de obra das aprobadas sempre que se acade o mínimo de actuación exixible para obter a axuda. Tamén nesa comprobación final verificarase que as actuacións realizadas son compatibles co Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).

4. De acordo co artigo 63 do Regulamento de execución 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, os pagamentos calcularanse sobre a base dos importes que se consideren admisibles durante os



controis administrativos realizados por persoal da consellería competente no medio rural, que examinará a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario e determinará os importes admisibles. Ademais, fixará:

a) O importe que deberá pagar ao beneficiario en función da solicitude de pagamento e a decisión de concesión.

b) O importe que deberá pagar ao beneficiario tras o exame da admisibilidade do gasto que figure na solicitude de pagamento.

Se o importe fixado segundo a letra a) supera o importe fixado segundo a letra b) en máis dun 10 %, aplicarase unha sanción administrativa ao importe fixado segundo a letra b). O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

Porén, non se aplicarán sancións cando o beneficiario poida demostrar, a satisfacción da autoridade competente, que non é responsable da inclusión do importe non admisible, ou cando a autoridade competente adquira doutro modo a convicción de que o beneficiario non é responsable diso.

5. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder a ampliación do prazo de execución establecido, que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como mínimo, dous meses antes de que acabe o prazo de execución. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso. Os servizos provinciais responsables dos recursos forestais proporán as ditas ampliacións á persoa titular da subdirección xeral responsable dos recursos forestais, quen elevará a proposta á persoa titular da dirección xeral responsable da planificación e ordenación forestal para a súa aprobación con base nas funcións delegadas pola persoa titular da consellería responsable do medio rural para resolver.

6. Transcorrido o prazo establecido de execución sen ter presentado a xustificación dos traballos subvencionados a que se fai referencia no artigo 19, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da solicitude no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro das cantidades percibidas e poderá supor a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.



7. Así mesmo, no caso de ter presentada a xustificación dos traballos subvencionados se a persoa beneficiaria fose requirida para presentar documentación adicional, e non se achega esa documentación no prazo establecido no requirimento, perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

8. Ata dous meses antes da data de remate dos traballos, poderase solicitar unha modificación da resolución de aprobación para reducir a superficie e/ou traballos obxecto de axuda pola aparición de circunstancias técnicas non detectadas nin na redacción do proxecto. A dita modificación, que poderá aprobarse logo de informe favorable do Servizo Provincial de Montes, non poderá superar en ningún caso a superficie de actuación inicialmente aprobada. Para tramitar a solicitude de modificación da resolución de aprobación deberá estar asinada polo beneficiario da axuda, explicar os motivos da dita solicitude e deberá entregar un ficheiro shapefile coa nova superficie proposta, que poderá incluír parcelas SIXPAC novas. No caso de non contestación á solicitude de modificación entenderase aprobada.

Artigo 19. *Xustificación dos traballos subvencionables*

1. A data límite de xustificación dos traballos é a establecida no artigo 18.1, e só serán subvencionables os investimentos que se realicen e dos cales se xustifique o seu gasto (factura) e pagamento (xustificante de pagamento) con posterioridade á data da inspección previa, a que se refire o artigo 17, e como límite na data de comunicación do remate dos traballos. Polo tanto, as facturas e os xustificantes de pagamento deberán ter datas entre o día seguinte ao da inspección previa e como límite o da data de notificación de remate dos traballos, sempre que se presentasen en prazo.

2. Malia o anterior, no caso de que a persoa beneficiaria da axuda se acolla á cesión do dereito de cobramento, establecido no número 3 do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase efectivamente pagado o gasto coa cesión do dereito de cobramento da subvención a favor das persoas cesionarias, presentada de acordo coa letra h) do punto 3 deste artigo.

3. Xunto coa notificación de remate dos traballos (solicitude de pagamento que figura no anexo VI), achegarase a seguinte documentación:

a) Xustificantes de gasto (facturas) e pagamento. As instrucións para a presentación dos xustificantes de gasto e de pagamento indícanse no anexo X. Nos xustificantes de gasto deberá figurar o número de rexistro do Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor).



b) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos coas unidades desagregadas por parcelas e traballos como na resolución de aprobación.

c) Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

i) Acreditación sobre o número de unidades físicas executadas por código de parcela, de acordo coa desagregación dos traballos aprobados na resolución de concesión vixente. No caso dos propietarios particulares de xeito individual cuxa superficie de actuación sexa igual ou superior a 10 hectáreas, das CMVMC, das sociedades e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas, das cooperativas agrícolas, dos *pro indivisos*, os *pro indivisos* legalmente constituídos, dos de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío, de fabeo, das comunidades de bens e doutras persoas xurídicas, a acreditación deberá estar asinada por un enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal.

ii) Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os prezos das unidades de obra previstos no anexo XII.

iii) Un detalle doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia e co balance final do proxecto (ingresos e gastos). E no caso de non telos, declaración expresa do beneficiario de non telos.

d) Arquivo gráfico (medición con GPS) en formato dixital SHP ou similar coa superficie afectada polos traballos subvencionados, coas mesmas características que o ficheiro que figura no anexo IX.

e) Respecto do material forestal de reprodución empregado:

i) Etiquetado e documento provedor expedido polo ente provedor de material forestal de reprodución consonte o Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, e a súa modificación recollida no Real decreto 1220/2011, do 5 de setembro.

ii) Declaración responsable, dos entes provedores de material forestal de reprodución que teñan expedidos os ditos documentos provedores, en que certifiquen que o dito material forestal de reprodución cumpre cos requirimentos establecidos polo Decreto 220/2007, do 15 de novembro, polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución, en materia de calidade exterior.



iii) Pasaporte fitosanitario do material forestal de reprodución consonte a lexislación vixente en materia de sanidade vexetal.

f) Certificado final de obra emitido polo director de obra, excepto no caso de propietarios particulares de xeito individual con superficie de actuación inferior a 10 hectáreas, en que figure unha relación valorada dos traballos executados.

g) Só no caso de CMVMC, xustificación do cumprimento da obriga de comunicación establecida no artigo 125.7 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, tendo en conta que as cotas mínimas de reinvestimento das CMVMC serán do 40 % de todos os ingresos xerados.

h) No caso de cesión do dereito de cobramento da axuda cun terceiro:

i) Comunicación do dereito de cobramento, conforme o modelo que figura no anexo VII desta orde. No caso de que o cedente do dereito de cobramento sexa unha CMVMC, o devandito anexo asinarao o presidente da CMVMC en nome da comunidade pero deberá constar o certificado do secretario da comunidade en que indique que a asemblea xeral autorizou, expresamente, o presidente para que asine a dita cesión de cobramento.

ii) Copia do documento público ou privado no cal se formalizou a cesión. No caso de documento privado este deberá estar asinado electronicamente. No caso de documento público, xustificación da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais de actos xurídicos documentados (ITPAXD).

iii) Copia do DNI/NIF/NIE en vigor da persoa cesionaria, só no caso de que se opoña á súa consulta.

iiii) Copia do NIF da entidade cesionaria, só no caso de que se opoña á súa consulta.

Artigo 20. *Revogacións e reintegros*

1. A axuda reintegrarase, se for o caso, total ou parcialmente, se se dá algún dos seguintes supostos:

a) Se se dá algunha das causas de reintegro sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.



c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

d) Execución de menos do 80 % do importe aprobado, unha vez realizada a certificación final, sen autorización ou causa xustificada excepcional ou de forza maior. Para estes efectos, considéranse causas excepcionais ou de forza maior o falecemento da persoa beneficiaria, a incapacidade laboral de longa duración da persoa beneficiaria, unha catástrofe grave que afectase gravemente a explotación forestal, unha enfermidade vexetal que afectase unha parte ou a totalidade da masa arbórea da persoa beneficiaria, ou a expropiación da totalidade ou dunha parte importante da explotación forestal, se esta expropiación non era previsible o día en que se presentou a solicitude.

e) Incumprimento dos prazos para realizar os traballos subvencionados fixados na notificación de aprobación do expediente ou, se é o caso, da prórroga concedida.

f) Modificacións graves das accións previstas, de forma que desvirtúen os obxectivos descritos nesta orde.

g) Incumprimento do ditado en calquera dos artigos desta orde que implique obrigas por parte do beneficiario.

Nestes supostos, a consellería competente no medio rural reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de demora que se calcularán conforme a normativa vixente, en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non se poderá fixar en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución, sen prexuízo das responsabilidades que procedesen.

Se se descobre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de axuda de que se trate quedará excluído da axuda do Feader e recupéranse todos os importes que fosen aboados polo dito expediente. Ademais, o beneficiario quedará excluído destas axudas durante o ano natural en que se detectou a irregularidade e durante o ano natural seguinte.

Os beneficiarios desta convocatoria de axudas que non executen as accións previstas, salvo renuncia do beneficiario por forza maior, quedaran excluídos das próximas dúas convocatorias de axuda.



h) Así mesmo, se no caso de que nos controis administrativos sobre a solicitude de pagamento, controis sobre o terreo e *a posteriori* nos cinco anos posteriores ao pagamento da axuda se verifica que non se cumpren as condicións para obter a puntuación aplicada na concorrncia competitiva para a aprobación dos expedientes e non se acada a puntuación mínima exixida para esa aprobación, suporá un incumprimento dos compromisos da aprobación e igualmente levará como consecuencia a perda do dereito ou ao reintegro da axuda.

2. Naqueles supostos en que o importe das subvencións recibidas polo beneficiario exceda os custos da actividade, solicitarase a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade.

3. No caso de pagamento indebido, o beneficiario quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión, ao cal se engadirán, de ser o caso, os xuros conforme o disposto no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014. Os xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario, indicado na orde de recuperación, que non poderá superar os 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

Artigo 21. *Controis*

1. A consellería competente no medio rural realizará os controis sobre o terreo, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas.

2. O beneficiario e a persoa cesionaria do dereito de cobramento, se for o caso, comprométense a someterse ás actuacións de control que deba efectuar a consellería competente no medio rural, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvenciones e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás instancias comunitarias de control derivadas da aplicación dos regulamentos de execución (UE) nº 808/2014 e 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, e nº 1242/2017 da Comisión, do 10 de xullo de 2017, que modifica o Regulamento de execución (UE) nº 809/2014.

3. Seralles de aplicación ás axudas recollidas nesta orde e non se poderá efectuar ningún pagamento sen que antes se realizasen os controis establecidos no punto 4 deste



artigo, así como o réxime de controis, reducións e exclusión reguladas nos regulamentos de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, e 1242/2017 da Comisión, do 10 de xullo de 2017.

4. A consellería competente no medio rural, ao abeiro do establecido nos anteriores regulamentos e demais normativa, realizará controis administrativos a todas as solicitudes de axuda e de pagamento con respecto a todos os aspectos que sexa posible controlar en relación coa admisibilidade da solicitude. Respecto dos controis sobre o terreo, realizaranse antes do pagamento final, e seleccionaranse sobre unha mostra que representará como mínimo o 5 % dos gastos, mencionados no artigo 46 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, cofinanciados polo Feader e que se reclaman ao organismo pagador cada ano natural. Ademais tamén se realizarán, se for o caso, controis *a posteriori*, dada a posibilidade de realizar actividades de investimento.

5. Respecto das ofertas presentadas a que se fai referencia no artigo 13, e de acordo co artigo 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os provedores desas ofertas estarán obrigados a prestar colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida e, sobre todo, a necesaria para verificar a posible vinculación entre eses provedores.

Artigo 22. *Financiamento*

1. As accións previstas nesta orde financiaranse, nos exercicios 2021 e 2022, con cargo aos seguintes códigos de proxecto:

a) 14.03.713B.770.0.2016 00209 por un importe de 9.000.000 € distribuídos do seguinte xeito:

– 900.000 € ano 2021.

– 8.100.000 € ano 2022.

Dentro de cada tipo de beneficiario, excepto entidades locais, segundo o tipo de traballo, distribúese o crédito do seguinte xeito:

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).1º (rareos en masas estables de coníferas con diámetro normal medio da masa inferior a 15 cm): 450.000 € para o ano 2021, 4.050.000 € para o ano 2022.

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).2º (rozas e podas en masas de coníferas): 450.000 € para o ano 2021, 4.050.000 € para o ano 2022.



b) 14.03.713B.770.0.2016 00210 por un importe de 4.000.000 € distribuídos do seguinte xeito:

– 400.000 € ano 2021.

– 3.600.000 € ano 2022.

Dentro de cada tipo de beneficiario, excepto entidades locais, segundo o tipo de traballo, distribúese o crédito do seguinte xeito:

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).1º (tratamentos silvícolas de masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio inferior a 30 cm): 200.000 € para o ano 2021, 1.800.000 € para o ano 2022.

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).2º (rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros): 200.000 € para o ano 2021, 1.800.000 € para o ano 2022.

c) 14.03.713B.760.0.2016 00209 só para entidades locais por un importe de 72.000 € distribuídos do seguinte xeito:

– 30.000 € ano 2021.

– 42.000 € ano 2022.

Segundo o tipo de traballo, distribúese o crédito do seguinte xeito:

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).1º (rareos en masas estables de coníferas con diámetro normal medio da masa inferior a 15 cm): 15.000 € para o ano 2021, 21.000 € para o ano 2022.

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).2º (rozas e podas en masas de coníferas): 15.000 € para o ano 2021, 21.000 € para o ano 2022.

d) 14.03.760.0.2016 00210 só para entidades locais por un importe de 48.000 € distribuídos do seguinte xeito:

– 20.000 € ano 2021.

– 28.000 € ano 2022.



Segundo o tipo de traballo, distribúese o crédito do seguinte xeito:

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).1º (tratamentos silvícolas de masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio inferior a 30 cm): 10.000 € para o ano 2021, 14.000 € para o ano 2022.

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).2º (rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros): 10.000 € para o ano 2021, 14.000 € para o ano 2022.

2. Esta orde tramítase mediante tramitación anticipada de gasto, conforme o establecido na letra a) do artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como no establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

3. Este orzamento pode verse incrementado con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias. A consellería competente no medio rural poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

4. Estas axudas financiaranse con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cunha achega do Feader do 75 %, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 7,5 % e da Xunta de Galicia do 17,5 %.

Artigo 23. *Infraccións e sancións*

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento (UE) nº 640/2014



da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, e no Regulamento de execución (UE) 2017/1242 da Comisión, do 10 de xullo de 2017, que modifica o Regulamento de execución (UE) nº 809/2014.

Artigo 24. *Alteración de condicións*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, para a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 25. *Obrigas*

1. O beneficiario da axuda e o solicitante están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos de control da consellería competente no medio rural, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, e as instancias de control comunitarias no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, e a levar un sistema de contabilidade separado, ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ás axudas solicitadas ao abeiro desta orde, onde se constatará o investimento efectivamente pagado antes do remate do prazo de execución.

2. O beneficiario está obrigado a someterse a calquera actuación que a Administración concedente poida realizar para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pagamento da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión.

3. No caso de achado casual de obxectos e restos materiais que posúan valores que son propios do patrimonio cultural galego, o descubridor deberá comunicarllo inmediata-



mente á consellería competente en materia de cultura de conformidade coa Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

4. As actuacións na zona lateral de protección do Camiño de Santiago serán comunicadas polo solicitante á consellería competente en materia de cultura, co obxecto de contar coa súa autorización previa de conformidade coa Lei 5/2016, do 4 de maio.

5. A presentación da solicitude de concesión da subvención por parte do interesado comportará a autorización á autoridade de xestión do PDR para consultar a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento dos obxectivos e prioridades.

Artigo 26. *Medidas informativas e publicitarias*

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a consellería competente no medio rural farase constar que estas axudas están cofinanciadas nun 7,50 % pola Administración xeral do Estado, nun 17,50 % pola Xunta de Galicia e nun 75 % polo fondo Feader.

2. Conforme o establecido no Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo, pola que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e a súa posterior modificación mediante o Regulamento de execución (UE) nº 669/2016 da Comisión, do 28 de abril, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo III do referido regulamento.

Así, en todas as actividades de información e comunicación que se desenvolvan, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Feader mostrando:

- a) O emblema da Unión.
- b) Unha referencia á axuda do Feader.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará o público da axuda obtida do Feader, da seguinte forma:

a) Presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando se poida establecer un vínculo entre o



obxecto do sitio web, e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.

b) No caso de operacións que reciban unha axuda pública total superior a 50.000 euros, colocando polo menos un panel ou unha placa con información sobre o proxecto e cos requisitos especificados no anexo XI, onde se destaque a axuda financeira recibida da Unión, nun lugar ben visible para o público, así como a bandeira europea e o lema Feader: Europa inviste no rural.

c) No caso de que a persoa solicitante se beneficie dunha axuda pública total superior a 500.000 euros, deberá colocar, nun lugar visible para o público, un cartel temporal de tamaño significativo relativo ás operacións financiadas, cos requisitos especificados no anexo XI. Posteriormente, o beneficiario colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente, cos requisitos especificados no anexo XI, de tamaño significativo no prazo de tres meses a partir da conclusión da operación financiada. Os carteis, paneis, placas e sitios web levarán unha descrición do proxecto ou da operación, e os elementos (bandeira europea e lema Feader) ocuparán como mínimo o 25 % do cartel, placa ou páxina web.

Artigo 27. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira

A concesión e o pagamento destas axudas está condicionada á aprobación polos servizos da Comisión Europea da sexta modificación do Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2014-2020, e ás posibles observacións e modificacións derivadas diso.



Disposición adicional segunda

As axudas concedidas nesta orde son incompatibles coas axudas para o cesamento anticipado da actividade agraria e con calquera outra axuda sobre a mesma superficie, coa excepción dos investimentos para incremento da capacidade de adaptación e valor ambiental dos ecosistemas forestais ou para restaurar o potencial forestal danado por pragas, enfermidades, desastres naturais, catástrofes ou sucesos derivados do cambio climático.

Disposición adicional terceira

No non previsto nesta orde observarse o disposto no Regulamento (UE) nº 1305/2013, no Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, no Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, no Regulamento de execución (UE) nº 1242/2017, no Regulamento delegado (UE) nº 640/2014, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, teranse en conta as circulares de coordinación dadas polo Fondo Español de Garantía Agraria 18/2019, relativas ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado de xestión e control <https://www.fega.es/es/ayudas-directas-y-desarrollo-rural/control-de-medidas-desarrollo-rural/circulares-de-coordinacion-de-desarrollo-rural/node-50759>, e 32/2017, que establece os criterios xerais para a aplicación de reducións, sancións e exclusións nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado de xestión e control do período 2014-2020 (https://www.fega.es/sites/default/files/CIRCULAR_32-2017_CRITERIOS_APLICACION_PENALIZACIONES_NO_SIG.pdf).

Disposición derradeira primeira

Facúltase a dirección xeral responsable da ordenación forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2020

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO ACCIÓN SILVÍCOLAS DE PREVENCIÓN DOS DANOS CAUSADOS AOS BOSQUES POR INCENDIOS, DESASTRES NATURAIS E PARA O INCREMENTO DA CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN E DO VALOR AMBIENTAL DOS ECOSISTEMAS FORESTAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR605A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------


DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA			LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

TIPO DE SOLICITANTE
<input type="radio"/> Comunidade de montes veciñais en man común <input type="radio"/> Persoa propietaria particular a título individual <input type="radio"/> Sociedade de fomento forestal (Sofor) <input type="radio"/> Sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares formalmente constituída <input type="radio"/> <i>Pro indiviso</i> (varias persoas copropietarias) <input type="radio"/> Cooperativa agraria <input type="radio"/> Comunidade de bens <input type="radio"/> Outras persoas xurídicas <input type="radio"/> <i>Pro indiviso</i> legalmente constituído (varias persoas copropietarias), montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo <input type="radio"/> Entidade local


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: yuk9wml1-a8u4-jxg9-otr0-3ydiivxewza2


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
 (continuación)

OUTROS DATOS (marcar o que proceda)

Montes veciñais en man común que investiron en melloras do monte. Aplicarase a puntuación maior das tres epígrafes seguintes:

- Investimentos de máis dun 40 % a un 50 % dos seus ingresos no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda
 Investimentos de máis dun 50 % a un 60 % dos seus ingresos no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda
 Investimentos de máis dun 60 % dos seus ingresos no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda

 Por cada membro de CMVMC, sociedades ou agrupacións de persoas propietarias particulares, de cooperativa agrícola, de *pro indiviso*, de montes de varas, abertais, de voces, de fabeo ou de comunidade de bens. Nº de persoas agrupadas:

 Sociedade ou agrupación de persoas propietarias legalmente constituídas con xestión conxunta SI NON

 Sociedade de fomento forestal rexistrada SI NON

 Monte con proxecto de ordenación inscrito no Rexistro de Montes Ordenados ou que teña solicitada a súa aprobación SI NON

 Monte con certificación forestal co sistema PEFC ou FSC SI NON

 Sociedade ou agrupación de persoas propietarias en zona de concentración parcelaria de uso forestal SI NON

 CMVMC sen convenio ou consorcio en toda a superficie clasificada da comunidade de montes SI NON

 Actuacións en zonas desfavorecidas (establecidas na medida 13 do PDR) SI NON

 Zonas de alto risco de incendio forestal (Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal) SI NON

 Actuación en zona clasificada como Rede Natura 2000 SI NON

 Actuacións que se vaian realizar en montes nos que existan masas consolidadas de frondosas autóctonas inscritas, ou en proceso de inscrición, no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas. SI NON

 Por solicitude de persoa propietaria particular, sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares, de cooperativa agrícola, de *pro indiviso* (persoas copropietarias), de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo ou de comunidade de bens SI NON

 Por cada parcela para a cal se solicitou axuda que estea dada de alta no Rexistro da Propiedade, no caso de persoa propietaria particular, sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares, de cooperativa agrícola, de *pro indiviso* (persoas copropietarias), de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo ou de comunidade de bens. Nº de parcelas:

 Os traballos obxecto de solicitude de axuda precisan avaliación de impacto ambiental: SI NON

AFECCIÓNS

- Afección do Camiño de Santiago SI NON
 - Afección ao inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia SI NON
 - Rede Natura 2000 e/ou nun hábitat do anexo I da Directiva 92/43/CEE ou na Rede galega de espazos protexidos SI NON
 - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) Augas de Galicia SI NON
 - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) CH do Miño-Sil SI NON
 - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) CH do Cantábrico SI NON
 - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) CH do Douro SI NON
 - Afección en áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) e/ou lugares de especial interese paisaxístico (LEIP) SI NON
 - Afección zona de servidume de protección do dominio público marítimo - terrestre SI NON
 - Afección zonas de protección de estradas - Xunta de Galicia SI NON
 - Afección zonas de protección de estradas - Deputación Provincial SI NON




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
 (continuación)

TIPO DE ACTUACIÓN E DATOS D INVESTIMENTO		
PROVINCIA	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL DO INVESTIMENTO SEN IVE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Tipo de actuación (segundo o artigo 5) (máquese só unha)	Actuación	Superficie total por tratamento (en hectáreas)
<input type="radio"/> 1. Rareos en masas de coníferas	Roza das superficies conforme aos puntos c), d), e) e g) do anexo II da Lei 7/2012	
	Rareo onde xa se executou un rareo en faixas	
	Rareo en masas de coníferas	
	Triturado, picado ou extracción dos restos	
	Cartel identificativo (ude.)	
	Proxecto	
<input type="radio"/> 2. Rozas e podas en masas de coníferas	Roza das superficies que conforme os puntos c), d), e) e g) do anexo II Lei 7/2012	
	Rozas	
	Podas entre 2 m e 4 m	
	Triturado, picado ou extracción dos restos	
	Cartel identificativo (ude.)	
	Proxecto	
<input type="radio"/> 3. Tratamento en frondosas caducifolias	Rozas	
	Formación de guía e poda ata 1/3 da altura	
	Selección de abrochos	
	Rareos	
	Cartel identificativo (ude.)	
	Proxecto	
<input type="radio"/> 4. Rexeneración e/ou mellora de souto de castiñeiros	Rozas	
	Podas	
	Tratamento fitosanitario	
	Aumento da densidade do souto	
	Cartel identificativo (ude.)	
	Proxecto	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar o día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Só no caso de empresas solicitantes, que non se atopa en situación de crise conforme a normativa comunitaria.

7. Que na data de presentación desta declaración non se iniciaron os investimentos solicitados.

8. Que as actuacións solicitadas e as súas unidades orzamentadas son viables e cumpren coas condicións recollidas na Orde de axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas co fondo europeo agrícola de desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2010-2020, que se convoca para o ano 2021.

9. Que as superficies en que se realizarán as actuacións son as que figuran na solicitude de axuda.




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE			
Documentación xeral			
Acreditación da propiedade:			
Para CMVMC, montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e SOFOR			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable da propiedade dacordo co seu correspondente rexistro			
Para propietarios particulares de xeito individual (mediante algún dos seguintes documentos):			
<input type="checkbox"/> Escritura pública ou privada			
<input type="checkbox"/> Contrato de xestión			
<input type="checkbox"/> Inscripción rexistral dos predios			
<input type="checkbox"/> Certificación catastrais			
<input type="checkbox"/> Fichas catastrais (nominais)			
<input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento do IBI			
<input type="checkbox"/> Inscripción como titular dunha explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, así como dos predios sobre as que se solicita a axuda			
Para pro indivisos, asociacións e agrupacións de propietarios legalmente constituídas excepto SAT ou cooperativas:			
<input type="checkbox"/> Copia do documento que acredite a propiedade dos terreos (só para os efectos desta orde)			
Para agrupacións de propietarios legalmente constituídas (SAT ou cooperativas):			
<input type="checkbox"/> Certificado do responsable do Rexistro de SATs e do responsable do Rexistro de Cooperativas de Galicia			
Para entidades locais			
<input type="checkbox"/> Copia documento que acredite a propiedade do terreo			
No caso de titulares non propietarios dos terreos			
<input type="checkbox"/> Copia do contrato de arrendamento ou de xestión cunha duración equivalente, polo menos ao período de compromiso da axuda			
Para todo tipo de solicitantes			
<input type="checkbox"/> Proxecto asinado con certificado dixital por enxeñeiro/a de montes ou equivalente ou enxeñeiro/a técnico/a forestal ou equivalente (en formato PDF ou similar, e coa cartografía en soporte dixital), excepto solicitudes de persoas propietarias particulares cunha superficie de actuación inferior a 10 hectáreas, que presentasen o anexo IV debidamente cuberto.			
<input type="checkbox"/> Un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores/as, inscritos no Resfor, non vinculados entre eles nin co solicitante da axuda, asinadas; co NIF, nome e enderezo da empresa ofertante; nome ou razón social da persoa solicitante da axuda; data de expedición; e descrición dos conceptos ofertados.			
<input type="checkbox"/> Número de expediente dixital da adhesión aos modelos silvícolas da totalidade do monte, excepto no caso de instrumentos de ordenación ou xestión forestal inscritos no Rexistro de Montes Ordenados ou en proceso de aprobación.			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable da clasificación urbanística das parcelas para as que se solicita a axuda e localización nos planos do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) ou nas normas subsidiarias ou no Plan básico autonómico de Galicia (PBA, Decreto 83/2018, do 26 de xullo, DOG nº 162, do 27.8.2018) das ditas parcelas.			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna:			
<input type="checkbox"/> Poder notarial			
Representación legal (persoas físicas)			
<input type="checkbox"/> Autorización asinada			
Representación legal (persoas xurídicas)			
<input type="checkbox"/> Copia de escrituras ou poderes onde se acredite a representación legal			
<input type="checkbox"/> Poder <i>apud acta</i>			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable asinada electrónicamente polo solicitante e a persoa a que se lle outorga a representación			
Documentación específica			
1. Para asociacións ou agrupacións de persoas propietarias particulares formalmente constituídas que deberán estar inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia na data de finalización do prazo de solicitude da axuda			
<input type="checkbox"/> Anexo II - Acordo de cesión, debidamente asinado por todos e cada un dos compoñentes da agrupación			
2. Para os <i>pro indivisos</i> , os de varas, abertais, de voces, de vocerío, de fabeo e as comunidades de bens			
<input type="checkbox"/> Anexo III - Acordo de compromisos e obrigas			
3. Para persoas propietarias particulares de modo individual con superficie de actuación inferior a 10 hectáreas			
<input type="checkbox"/> Anexo IV - Documento descriptivo das actuacións			
Documentación complementaria			
1. Para CMVMC			
<input type="checkbox"/> Certificado do acordo tomado en asemblea xeral, asinado pola/pola secretario/a, co visto e prace do presidente/a, conforme autorizan o/a presidente/a da CMVMC para que pida axudas á Consellería do Medio Rural para a execución das accións obxecto da solicitude			




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)

2. Para cooperativas agrarias			
<input type="checkbox"/> Certificado do responsable do rexistro conforme se atopa inscrita			
<input type="checkbox"/> Anexo V - Certificado do acordo de solicitude de subvención, debidamente asinado			
3. Para outras entidades xurídicas (asociacións, agrupacións, Sofor, etc...)			
<input type="checkbox"/> Certificado do responsable do rexistro conforme se atopa inscrita			
<input type="checkbox"/> Anexo V - Certificado do acordo de solicitude de subvención, debidamente asinado			
4.- Para entidades locais			
<input type="checkbox"/> Certificado do secretario municipal conforme se informou a comisión de goberno da solicitude de axuda			
5. Para persoas propietarias particulares, sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares, de cooperativa agrícola, de <i>pro indiviso</i> (persoas copropietarias), de montes de varas, abertais, de voces, de vocerio e fabeo ou de comunidade de bens			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do documento que acredita as parcelas dadas de alta no Rexistro da Propiedade			
6. Autorizacións/Informes dos órganos competentes indicados no artigo 11 punto 3 (incluída solicitude de avaliación de impacto ambiental, se fose o caso)			
<input type="checkbox"/> Autorización/Informe do órgano competente indicando que os traballos obxecto de solicitude de axuda teñen actuacións en zona clasificada como Rede Natura 2000 ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente.			
<input type="checkbox"/> Autorización/Informe do órgano competente indicando que a superficie obxecto de solicitude de axuda comprende zona de protección lateral do Camiño de Santiago ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente.			
<input type="checkbox"/> Autorización/Informe do órgano competente indicando que a Superficie obxecto de solicitude de axuda afectada pola normativa de patrimonio cultural de Galicia conforme o Decreto 232/2008, do 2 de outubro, e calquera outra afección segundo a lexislación sectorial vixente en materias distintas da forestal ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente			
<input type="checkbox"/> Autorización/Informe do órgano competente indicando que os traballos obxecto de solicitude de axuda precisan avaliación de impacto ambiental ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME A CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Estar ao día no pagamento de débedas coa Consellería de Facenda	<input type="checkbox"/>
Estar inhabilitado para recibir subvencións públicas	<input type="checkbox"/>
Ter recibido axudas pola regra <i>minimis</i> .	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO
Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
 (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE


Regulamento (UE) n° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MR605A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

 Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II

ACORDO DE CESIÓN NA AGRUPACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS PARTICULARES FORMALMENTE CONSTITUÍDA

Agrupación de persoas propietarias particulares formalmente constituída: acordo de cesión (cubrir só se procede)
As persoas que asinan, reunidas de mutuo acordo, dan a súa conformidade a

NIF , enderezo

para que figure como representante para os efectos de tramitación da petición de axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais.

Así mesmo, acordamos asumir todo o disposto na orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021, sendo exigible a cada un/unha de nós a responsabilidade do bo fin da actuación e comprometémonos a cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos na devandita orde.

CÓDIGO (*) PERSOA PROPIETARIA	NOME E APELIDOS	NIF	PARROQUIA ONDE SE ATOPAN AS LEIRAS	SUPERFICIE COA QUE PARTICIPA CADA PERSOA ASOCIADO/A	SINATURA

De ser necesario poderanse presentar varias destas páxinas
(*) Este código farase constar na superficie coa que participa cada persoa socia nos planos que presente unha vez sexan requiridos pola Administración.

Don/Dona , co NIF

acepta a representación conxunta desta agrupación forestal.

Lugar e data

, de de

CVE-DOG: yuk9wml1-a8u4-jxg9-otr0-3ydiivxwz2a



XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III

ACORDO DE COMPROMISOS E OBRIGAS ESTABLECIDOS NA ORDE

As persoas que asinan como membros de (*pro indiviso*, de varas, fabeo, de vocerío, de voces, abertais, comunidade de bens, etc.)

comprométense a cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos nesta orde e dan súa conformidade a

NIF [] , enderezo []

para que figure como representante para os efectos de tramitación da petición de axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais.

Así mesmo, acordamos asumir todo o disposto na orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021, sendo exixible a cada un/unha de nós a responsabilidade do bo fin da actuación e comprometémonos a cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos na devandita orde.

NOME E APELIDOS	NIF	ACREDITACIÓN	PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	AUTORIZO	SINATURA
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

De ser necesario, poderanse presentar varias destas páxinas

Don/Dona [] , con NIF []
 Acepta a representación conxunta desta agrupación forestal.

Lugar e data [] de [] de []

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de []

CVE-DOG: yuk9wmi1-a8u4-jxg9-otr0-3ydiivxewza2




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV
DOCUMENTO DESCRIPTIVO DAS ACTUACIÓNS

(só para persoas propietarias particulares de forma individual con superficie de actuación inferior a 10 hectáreas)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

I. ESTADO LEGAL			
NOMBRE DO PREDIO			SUPERFICIE DE ACTUACIÓN
<input type="text"/>			<input type="text"/>
SITUACIÓN	CONCELLO	PARROQUIA	LUGAR
PROVINCIA	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESTREMEIROS	SUR	LESTE	OESTE
NORTE	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ACCESO	<input type="text"/>		

II. ACTUACIÓN QUE SE VAN REALIZAR (márquese só unha)
<input type="radio"/> 1. Rareos en masas de coníferas
<input type="radio"/> 2. Rozas e podas en masas de coníferas
<input type="radio"/> 3. Tratamento en frondosas caducifolias
<input type="radio"/> 4. Rexeneración e/ou mellora de soto de castiñeiros
Descrición das actuacións que se van realizar: (das epígrades indicadas no punto anterior indicar brevemente as actuacións que se van realizar: tratamento da vexetación preexistente, preparación do terreo, plantación manual, planta...)
<input type="text"/>

III. DATOS SIXPAC							
Parcela nº		<input type="text"/>					
DESCRICIÓN SIXPAC OU, NA SÚA FALTA, CATASTRAL							
					Superficie (ha)		
Código concello/ agrupado	Zona	Polígono	Parcela	Recinto ou subparcela	Sixpac ou catastral	Afectada/ superficie de actuación	Aproveitamento actual
Clave do traballo	Concepto			Nº de unidades	Custo unidade	Orzamento / Investimento	




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV
 (continuación)

III. DATOS SIXPAC

 Parcela nº

DESCRIPCIÓN SIXPAC OU, NA SÚA FALTA, CATASTRAL							Superficie (ha)	Aproveitamento actual
Código concello/ agrupado	Zona	Polígono	Parcela	Recinto ou subparcela	Sixpac ou catastral	Afectada/ superficie de actuación		

En caso de ter máis parcelas, cubriranse tantas follas coma sexan necesarias.

IV. A superficie de actuación comprende zonas incluídas na Rede Natura 2000?

 SI NON

V. A superficie de actuación comprende zonas de protección lateral do Camiño de Santiago?

 SI NON

VI. Na superficie de actuación existen obxectos ou restos materiais afectados pola normativa do patrimonio cultural de Galicia?

 SI NON

VII. Terreos que proveñen de concentración parcelaria?

 SI NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

 Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de


**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO V

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

DATOS DA PERSOA SECRETARIA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CERTIFICA

Que o consello reitor desta entidade, reunido en

o día

acordou:

Solicitar a subvención que corresponda de acordo co establecido nesta orde.

- Autorizar a

, con NIF

como persoa encargada da realización dos trámites necesarios.

- Aprobar a realización dos investimentos que se citan a seguir:

1	<input type="text"/>
2	<input type="text"/>
3	<input type="text"/>
4	<input type="text"/>
5	<input type="text"/>
6	<input type="text"/>

SINATURA DA PERSOA SECRETARIA

Lugar e data

,

de

de




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO VI
SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

MR605A-ACCIÓNS SILVÍCOLAS DE PREVENCIÓN DOS DANOS CAUSADOS AOS BOSQUES POR INCENDIOS, DESASTRES NATURAIS E PARA O INCREMENTO DA CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN E DO VALOR AMBIENTAL DOS ECOSISTEMAS FORESTAIS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
<input type="checkbox"/> Xustificantes de gasto (facturas) e pagamento, de acordo co establecido no anexo X. Nos xustificantes de gasto deberá figurar o número de rexistro do Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor).
<input type="checkbox"/> Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.
Memoria económica xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención que conterá:
<input type="checkbox"/> Acreditación sobre o número de unidades físicas executadas por código de parcela, de acordo coa desagregación dos traballos aprobados na resolución de concesión.
<input type="checkbox"/> Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os valores máximos das unidades de obra previstos no anexo XII.
<input type="checkbox"/> Detalle doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade subvencionada.
<input type="checkbox"/> Arquivo gráfico (medición con GPS) en formato dixital SHP ou similar coa superficie afectada polos traballos subvencionados, coas mesmas características que o ficheiro que figura no anexo IX da orde.
Respecto do material forestal de reprodución empregado:
<input type="checkbox"/> Etiquetado e documento provedor expedido polo ente provedor de material forestal de reprodución.
<input type="checkbox"/> Declaración responsable dos entes provedores de material forestal que certifique que o dito material forestal de reprodución cumpre cos requirimentos establecidos.
<input type="checkbox"/> Pasaporte fitosanitario do material forestal de reprodución.
<input type="checkbox"/> Certificado final de obra emitido polo director de obra, excepto no caso de propietarios particulares de xeito individual con superficie de actuación inferior a 10 ha, en que figure unha relación valorada dos traballos executados.
<input type="checkbox"/> Xustificante do cumprimento da obriga de comunicación establecida no artigo 125.7 da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (só no caso das CMVMC).
<input type="checkbox"/> Comunicación de cesión dos dereitos de cobramento (anexo VII) e a documentación presentada xunto a ese anexo, só no caso de acollerse á cesión de dereitos de cobramento.

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Estar ao día no pagamento de débedas coa Consellería de Facenda	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO
Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO

CVE-DOG: yuk9wml1-a8u4-jxg9-otr0-3ydiivxewza2




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO VI
 (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

 Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de

CVE-DOG: yuk9wml1-a8u4-jxg9-otr0-3ydiivxewza2


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO VII

COMUNICACIÓN DE CESIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO

MR605A-ACCIÓNS SILVÍCOLAS DE PREVENCIÓN DOS DANOS CAUSADOS AOS BOSQUES POR INCENDIOS, DESASTRES NATURAIS E PARA O INCREMENTO DA CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN E DO VALOR AMBIENTAL DOS ECOSISTEMAS FORESTAIS

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATOS DA PERSOA CEDENTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA PERSOA CESIONARIA

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ANO DA CONCESIÓN (ano de concesión da axuda a que corresponde o pagamento que se desexa ceder)

IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN (euros)

(Consignarse en letra e número o importe total da axuda concedida)

CONTÍA CEDIDA

PAGAMENTO A CONTA DEFINITIVA

(Consignarse en letra e número o importe total da axuda concedida. Márquese cun X o recadro correspondente ao pagamento da axuda cedida)

DATOS BANCARIOS DA PERSOA CESIONARIA

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

PERSOA TITULAR DA CONTA (1)

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

(1) O/a titular da conta debe coincidir coa persoa cesionaria, que se compromete a manter a conta aberta ata o final do proceso de xestión da axuda.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Para CMVMC:

Certificado do asinado pola/a secretario/a, conforme autoriza o/a presidente/a da CMVMC para que asine a cesión de cobramento.

Para todos os solicitantes no caso de presentación de documento privado:

Documento privado polo que se formalizou a cesión asinado electrónicamente

Para todos os solicitantes no caso de presentación de documento público:

Documento público polo que se formalizou a cesión.

Copia da declaración do imposto de transmisións patrimoniais de actos xurídicos documentados (ITPAXD).

CVE-DOG: yuk9wml1-a8u4-jxg9-otr0-3ydiivxwz2a




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO VII
 (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME A CONSULTA
DNI/NIE da persoa cesionaria	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante da persoa cesionaria	<input type="checkbox"/>
Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social, persoa cesionaria	<input type="checkbox"/>
Estar ao día no pagamento de débedas coa Consellería de Facenda, persoa cesionaria	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO
Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA CEDENTE OU REPRESENTANTE DA CEDENTE	SINATURA DA PERSOA CESIONARIA OU REPRESENTANTE DA CESIONARIA
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	



ANEXO VIII

Instrucións técnicas nas actuacións polas que se solicita axuda

A título informativo, de cara a fixar con claridade os criterios de viabilidade das actuacións polas que se solicita e á hora de preparar as solicitudes de axuda e redactar os proxectos, teranse en conta os seguintes aspectos, que serán verificados na inspección previa a que se refire o artigo 17 da orde:

1. Aqueles traballos que non se consideren necesarios ou que non se podan facer non deberán figurar no proxecto técnico. Por exemplo, nos tratamentos das masas de frondosas poden non ser necesarias as rozas ou a formación das guías se xa están claramente formadas ou a selección de abrochos ou o rareo dos pés. Non é necesario realizar todas as actuacións conxuntamente se non son necesarias para a masa sobre a cal se actuará.

2. En relación coas podas en masas de coníferas, consideraranse como tales as podas dirixidas para previr incendios forestais mediante a creación de descontinuidade horizontal e vertical, e non de podas destinadas á mellora do valor económico dos bosques. Polo tanto, non terán a consideración de podas para estes efectos as chamadas podas de realce en idades temperás da planta, cun máximo de 3 verticilos e sen valor preventivo para os efectos desta orde.

3. Co fin de garantir a descontinuidade horizontal e vertical nas podas en masas de coníferas despois de executar a poda a altura máxima do mato en toda a superficie non pode superar os 50 cm, excepto no caso das rozas nas podas en masas de coníferas que soamente se poderán solicitar naqueles terreos onde a altura do mato a faga necesaria, sendo a altura do mato despois de executala inferior aos 10 cm. En ningún caso, a altura das podas poderá superar a metade da altura da árbore (a altura da poda medirase ata o último verticilo podado). No caso de que na comprobación dos traballos executados o mato existente supere os 50 cm de altura non se dará por elixible a dita superficie.

4. Os restos que se obteñan como consecuencia da realización dos coidados culturais do voo con diámetro en punta delgada superior a 6 cm serán triturados *in situ*, picados cunha lonxitude inferior a 50 cm e con distribución homoxénea, ou ben extraídos do predio obxecto de axuda para o seu aproveitamento como biomasa, e deberanse xustificar documentalmente o dito aproveitamento xunto coa notificación de remate dos traballos.

5. Na inspección previa verificarase que as parcelas e recintos Sixpac incluídos na solicitude da axuda se corresponden coas mouteiras de traballo. No caso de non coincidencia



co proxectado ou que os traballos previstos non fosen viables na súa totalidade, funcionarios da consellería competente no medio rural realizarán unha medición dos elementos ou zonas para descontar da superficie aprobada ou pendente de aprobación, cuxo resultado se cruzará co Sixpac para coñecer a superficie de cada parcela e recinto que se desconta, reflectíndoo na epígrafe correspondente do informe de inspección xunto co motivo ou causa.

6. Comprobación de condicións técnicas na inspección previa. Hai que ter en conta que as actuacións para ser obxecto de axuda necesitan cumprir unha serie de requisitos técnicos establecidos na orde (diámetro medio da masa, densidades da masa, altura da poda, etc.). Para a súa comprobación os funcionarios da consellería competente no medio rural realizarán un inventario cuxos resultados poderán dar lugar a exclusións da superficie de actuación.

7. Método para a selección da mostraxe.

7.1. O método que empregarán os funcionarios será aleatorio simple, no cal a localización das «unidades ou parcelas de mostraxe» se fai de forma independente e ao azar. As unidades da mostraxe deberán representar toda a masa que se vai inventariar, e non poderán concentrarse as parcelas da mostraxe só nunha parte da superficie de actuación.

No caso de existiren dúas ou máis monteiras claramente diferenciadas porque os traballos sexan distintos nelas ou a masa sexa heteroxénea, estratificarase a mostraxe para realizar parcelas de mostraxe en todas as zonas onde se aprecien diferenzas na masa.

A distancia mínima entre parcelas da mostraxe (centro) recoméndase que sexa, polo menos, 100 m para representar o máximo posible da superficie de actuación. Se pola súa forma ou por ser a superficie menor de 10 hectáreas non fose posible facelo así, a distancia será a máxima posible que permita a superficie.

7.2. Forma e superficie da parcela da mostraxe. A forma da parcela será circular cun radio determinado en función do tipo de actuación: nos rareos e poda de coníferas será de 10 m; nos tratamentos de frondosas caducifolias será de 15 m; e na rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros de 25 m. No caso de atopar densidades moi altas de frondosas poderase utilizar un radio de 10 m.

7.3. Localización e delimitación da parcela da mostraxe. O centro da parcela de mostraxe coincidirá cunha árbore, desde a cal se tomarán as distancias.

Os datos do centro da parcela da mostraxe (segundo o datum ETRS89 e coordenadas UTM do fuso 29 N) anotarase na folia de campo correspondente para permitir a súa



posterior comprobación e a árbore situada nel marcarase de maneira que sexa facilmente identificable.

7.4. Número de parcelas da mostraxe. Na táboa seguinte pode verse o número de parcelas da mostraxe que se realizará en cada estrato segundo a súa superficie. Poderanse realizar máis parcelas da mostraxe das indicadas se por criterio técnico están xustificadas.

Táboa nº 1: nº de parcelas mínimo para cada estrato da mostraxe.

Superficie de actuación (ha)	Nº parcelas da mostraxe
0-5	2
> 5-10	3
> 10-20	4
> 20-30	5
> 30-40	6
> 40-50	7

7.5. Comprobación da densidade por tipo de traballo nas parcelas da mostraxe. A densidade comprobarase contando o número de pés incluídos na parcela, cuxo resultado deberá posibilitar cumprir as condicións recollidas na orde, tal como se indica na táboa seguinte:

Táboa nº 2: densidades en función do tipo de actuación e do radio da unidade da mostraxe.

Tipo actuación		Nº pés/parcela			
		Densidade N (pés/ha) segundo a orde	r = 10 m (314,16 m ²)	r = 15 m (706,86 m ²)	r = 30 m (2.827,35 m ²)
Tratamentos coníferas	Rareos (1)	$N \geq 2.000$	$N \geq 63$		
	Podas (2)	$500 \leq N \leq 1.200$	$16 \leq N \leq 38$		
Tratamento frondosas caducifolias		$N \geq 400$	$N \geq 13$	$N \geq 28$	
Rexeneración soutos castiñeiros		$N \geq 50$			$N \geq 15$

(1) No sentido da densidade inicial, de partida.

(2) A densidade final máxima deberá ser menor ou igual de 1.200 pés/ha e superior a 500 pés/ha. Cómpre ter en conta que, no caso dos CMVMC con convenio ou consorcio coa Administración, a autorización da corta para acadar a densidade final máxima non é algo inmediato, polo que deberá ser informado o representante da comunidade se é posible realizala antes da finalización da comunicación de remate dos traballos. No caso de non ser posible, tramitarse a correspondente perda de dereito ao cobramento.



7.6. Comprobación do diámetro normal medio e da altura media. O diámetro normal da árbore medirase cunha forcípula, tomando dúas medidas en cruz da árbore á altura de 1,3 m sobre o nivel do solo. O seu valor será a media das medidas realizadas. A altura medirase cun hipsómetro u outros dispositivos adecuados para iso (regra Christen, pértega,...), o cal se indicará nas observacións da folla de campo. Ambas as dúas variables mediranse nunha mostra de 5 árbores da parcela, que serán a seleccionada como centro desta máis outros catro pés próximos a ela. Computarase a media das 5 medicións.

Táboa nº 3: diámetros en función do tipo de actuación.

Tipo de actuación		Diámetro normal medio (cm) segundo a orde	Altura media (m)
Tratamentos coníferas	Rareos	$Dm \leq 15$	-
	Podas	-	$Hm \geq 4$
Tratamento frondosas caducifolias		$Dm < 30$	$Hm > 1,5$

7.7. Altura da poda. A altura da poda requirida medirase no momento da certificación final, pero na inspección previa verificarase que os traballos non están xa realizados e que é posible facelos segundo o establece a orde: poda en coníferas (entre 2 e 4 m) e en frondosas (poda ata un 1/3 da altura como mínimo). Nunca se poderá superar a metade da altura da árbore.

8. Criterios para realizar a mostraxe no campo. Serán de aplicación os seguintes criterios:

a) Realizarase o número de parcelas da mostraxe que se recolle na táboa nº 1, en función da superficie de actuación, e poderá ser incrementado por criterio técnico. Se hai dous ou máis coutos redondos cada un deles tratarase de maneira independente.

b) Aquelas parcelas cuxos valores cumpran co establecido na orde de axudas (véxase táboa nº 2) chamaranse «parcelas válidas».

c) Se o resultado dalgunha parcela non cumpre co establecido para cada caso na orde, deberase delimitar a superficie (rodalizar) que non cumpre e eliminala ao considerarse «non elixible». Estas parcelas chamaranse «parcelas non elixibles».

d) Para «rodalizar», utilizarase toda a información dispoñible (parcelario Sixpac, ortofoto, datos de campo...), tratando de utilizar os elementos facilmente recoñecibles no campo: pistas, cortalumes, valgadas, outras masas, etc. Para precisar a súa delimitación tamén se poderán realizar máis parcelas aplicando os criterios xa vistos, tendo en conta que o que se persegue é determinar outro estrato na masa distinto ao inicial (ou en cada couto redondo da masa no caso de existiren dous o máis).



e) O cálculo da densidade media da masa farase sen incluír os valores das «parcelas non elixibles», xa que se eliminarán da superficie de actuación, e terase en conta que:

– Se para un mesmo tipo de traballo silvícola existe máis dun couto redondo, calcularase a media de cada un dos coutos de xeito independente e logo farase a media final tendo en conta ambas as dúas.

– Se existen distintos tipos de traballo silvícola nun mesmo couto redondo, calcularase a media para cada tipo de actuación de xeito independente.

– Cando nalgún dos tipos de traballo do mesmo couto redondo se producise un desconto de superficie por ser «non elixible», a superficie de actuación conxunta restante deberá cumprir coa superficie mínima establecida na orde de axuda (artigo 6.1); se non cumpre ese couto non se poderá considerar. O mesmo pasaría no caso dun só tipo de traballo.

f) Nas follas de campo correspondentes separaranse as parcelas por couto redondo e mouteira. Se fose necesario definir unha/s mouteira/s nova/s de acordo cos datos obtidos tamén se incluírán as parcelas realizadas nel/neles de maneira separada (noutra/s folla/s), independentemente de que finalmente se eliminen da superficie de actuación ou non. Polo tanto, as follas recollerán todas as parcelas feitas.

g) Dada a dificultade que pode existir nalgúns expedientes pola súa inaccesibilidade para realizar as inspeccións de campo, na epígrafe de observacións recollerase esta circunstancia e a forma en que se realizou a inspección, e informaráselle ao beneficiario que deberá extremar o coidado na execución dos traballos de cara a cumprir as condicións da axuda.

ANEXO IX

Instrucións de remisión da información do proxecto en soporte dixital e vectorial

1. Consonte o artigo 13.1.a.3), os solicitantes, agás os propietarios particulares de xeito individual cunha superficie de actuación menor a 10 hectáreas, deberán achegar, entre outra documentación, o proxecto, no cal ademais dos planos, en que se incluírá a cartografía de acordo co establecido no artigo 8.2.f), e terán que aparecer na correspondente táboa de atributos os datos de tipo e superficie de actuación de cada recinto.

2. E co fin de asegurar unha homoxeneidade na información vectorial subministrada, detállase a continuación o modelo de datos e codificación alfanumérica das entidades vectoriais (polígonos) que deberán figurar nos arquivos que se van entregar:

Formato: Shapefile (a información subministrarase nun arquivo «zip» comprimido co conxunto dos arquivos que compoñen o formato shapefile). É obrigatorio que o «zip» con-



teña o arquivo coa extensión «prj». O arquivo con extensión «prj», coa información do sistema de referencia, comprobarase para ver que se corresponde co ETRS89 en coordenadas UTM sobre o fuso 29N (EPSG 25829).

Nome do arquivo: coincidente co código completo do expediente de axudas coa separación do ano mediante guión baixo (tanto arquivos do shapefile como nome do arquivo de compresión). No caso de non ter o número de expediente de axudas poñerase o NIF do solicitante, sen letra e o ano. Exemplo: 14150001_2021.zip/99999999_2021.

Datum e proxección: ETRS89 en coordenadas UTM sobre o fuso 29N (EPSG 25829).

Sixpac: no proxecto técnico indicarse o ano do Sixpac respecto do cal se toman os datos que figuran no proxecto: 2020 2021, ...

Información alfanumérica asociada ás entidades vectoriais:

Táboa 1: descrición detallada da información alfanumérica asociada ás entidades vectoriais.

Nome do campo	Características	Observacións
Cod	Numérico enteiro (curto) de tres caracteres	Serán números correlativos comezando polo 1
Sub_Cod	Numérico enteiro (curto) de tres caracteres	Segundo os subrecintos en que se divida un recinto ao ter diferentes tipos de traballos. Serán: 0→ningún, 1→un, 2→dous, ...
Cod_exp	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 13 caracteres	Código completo do expediente de axudas. Exemplo: 14150001_2021 (co guión baixo)
Prov	Numérico enteiro (curto) de dous caracteres	Segundo o Sixpac vixente. Exemplo: provincia A Coruña→15
Conc	Numérico enteiro (longo) de cinco caracteres	Segundo o Sixpac vixente. Lémbrese que deberá ser «prov+conc». Exemplo: provincia A Coruña (15), concello Carballo (19)→15019
Agreg	Numérico enteiro (curto) de tres caracteres	Segundo o Sixpac vixente
Zona	Numérico enteiro (curto) de tres caracteres	Segundo o Sixpac vixente
Polig	Numérico enteiro (longo) de seis caracteres	Segundo o Sixpac vixente
Parc	Numérico enteiro (longo) de seis caracteres	Segundo o Sixpac vixente
Recin	Numérico enteiro (longo) de seis caracteres	Segundo o Sixpac vixente
REFCAT	Alfanumérico (texto/cadea caracteres/string) de 14 caracteres	Código da referencia catastral obtida da Sede electrónica do Catastro
Sup_Tot	Numérico (dobre) de dez caracteres con 2 decimais	Superficie total do recinto segundo o Sixpac vixente, en hectáreas arredondadas a dous decimais



Nome do campo	Características	Observacións
Uso	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 3 caracteres	Segundo o sixpac vixente, en maiúsculas (FO, PR, PA,...)
Sup_Act	Númérico (dobre) de dez caracteres con 2 decimais	Superficie de actuación no recinto, que deberá coincidir coa súa intersección co Sixpac vixente, en hectáreas arredondadas a dous decimais
Act	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 40 caracteres	Código segundo cadro adxunto. Inclúranse todas as actuacións que se van facer no recinto. No caso de seren varias, separaranse os códigos mediante un guión medio (-) sen espazos e a serie comezará co código menor de forma ascendente ata o código maior
Mouteira	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 3 caracteres	Identificación da mouteira a que pertence o recinto: 1, 2, ... (posibilidade de incluír letras, nunca acentuadas)

Nos casos en que non exista valor para o campo porase «0» ou «---», sempre que o admita.

No caso de proxecto de ordenación autorizado e inscrito en Xorfor, deberán engadirse os seguintes campos:

– Campo [GeoUA] (formato texto, 20)→Código resultante da concatenación dos campos [IDX], código do instrumento de Xorfor co formato PO00000111X, [Cuartel], [UO] unidade de ordenación, e [UA] unidade de actuación; da capa do plan especial cargado en Xorfor.

– Campo [SupGeoUA] (formato numérico, 10,6)→Superficie da unidade de actuación da capa do plan especial cargado en Xorfor en hectáreas.

Codificación campo actuación:

Táboa nº 2: codificación do campo Act (Actuación).

Código	Descrición actuación	Uds.
M00	Cartel identificativo	Número
M15	Rozas das superficies que conforme os puntos c), d), e) e g) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deberían estar ocupadas por especies frondosas do anexo I da lei e sexan colindantes coas superficies de rareos en masas de coníferas deberan rozarse na súa totalidade respectando os pés existentes de especies frondosas do anexo I da lei	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M14	Rareos en masas de coníferas con diámetro normal medio inferior a 15 cm, acadando unha densidade final entre 800 e 1.200 pés/ha, en masas onde xa se executou un rareo en rúas. Debéndose rozar a rúa, rarear a entre rúa e picar e extraer os restos	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M11	Clareos en masas de coníferas con diámetro normal medio da masa antes da actuación inferior a 15 cm alcanzando unha densidade final entre 800 e 1.200 pés/ha	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M12	Trituración dos restos, picadura ou extracción para o aproveitamento como biomasa	En hectáreas arredondadas a dous decimais



Código	Descrición actuación	Uds.
M13	Tope €/ha proxecto en rareos coníferas	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M21	Rozas en masas de coníferas (poda)	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M22	Podas en masas de coníferas, ata unha altura mínima de 2 m e máxima de 4 m	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M24	Trituración dos restos, picadura ou extracción para o aproveitamento como biomasa	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M25	Tope euros/ha, proxecto en podas conífera	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M26	Rozas das superficies que conforme os puntos c), d), e) e g) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deberían estar ocupadas por especies frondosas do anexo I da lei e sexan colindantes coas superficies de podas en masas de coníferas deberan rozarse na súa totalidade respectando os pés existentes de especies frondosas do anexo I da lei	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M31	Rozas (frondosas)	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M32	Formación de guías en que se manifieste nitidamente a dominancia apical e a poda ata 1/3 da altura como mínimo	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M33	Selección abrochos (frondosas)	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M34	Rareos (frondosas)	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M35	Tope €/ha proxecto en frondosas	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M41	Rozas (castiñeiros)	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M42	Podas con funxicida (castiñeiros)	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M43	Tratamento fitosanitario (castiñeiros)	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M44	Aumento da densidade dos soutos mediante a plantación de castiñeiro híbrido resistente á tinta	En hectáreas arredondadas a dous decimais
M45	Tope €/ha proxecto en castiñeiros	En hectáreas arredondadas a dous decimais

Exemplo ilustrativo da información alfanumérica asociada ás entidades vectoriais (polígonos):

Cód.	Sub_Cod	Cod_exp	Prov.	Conc.	Agreg.	Zona	Políg.	Parc.	Recin.	Sup_tot	Uso	Sup_Act	Act.	Mouteira
1	1	14150150/2021	15	15026	0	0	25	125	2	7,78	FO	0,36	M21- M22- M24- M25	1
1	2	14150150/2021	15	15026	0	0	25	125	2	7,78	FO	1,88	M22- M24- M25	1
2	0	14150150/2021	15	15026	0	0	25	302	2	5,22	FO	2,08	M21- M22- M24- M25- M00	1



Nota: a información do campo «Sup_Act», resultante do cruzamento co Sixpac que debe facer o solicitante deberá ser plenamente coincidente cos datos da solicitude. No campo «Act» deberán poñerse todas as actuacións que se leven a cabo nesa superficie (incluída a elaboración do proxecto correspondente). Aquela en que a súa unidade non sexa superficial, como o «cartel», adxudicarase ao mesmo recinto que no proxecto.

g) A maiores do anterior, deberase presentar tamén un arquivo en formato «csv» (campos separados por punto e coma), cuxo nome sexa o código completo do expediente coa separación do ano mediante guión baixo. No caso de non ter o número de expediente de axudas poñerase o NIF do solicitante e o nome (14150001_2021.csv, da mesma maneira que os outros arquivos xa vistos), coa seguinte estrutura:

Cód	Cod_Act	Uds.	Custo/ud. (sen IVE)	Imp. total (sen IVE)
1	M21	0,36	515,16	185,46
1	M22	2,24		
1	M24	2,24		
1	M25	2,24		
2	M21	2,08	515,16	1.071,53
2	M22	2,08		
2	M24	2,08		
2	M25	2,08		
2	M00	1	255	255

Indíquese que:

– O custo/ud. non poderá superar o recollido no anexo XII da orde para cada tipo de actuación.

– O código da actuación será o recollido na táboa xa vista.

– As unidades superficiais figurarán en hectáreas arredondadas a dous decimais, separados usando (,), non punto (.), e corresponderanse coas que se van facer no recinto do arquivo «shapefile» presentado (O campo «Cod» é o mesmo). En cada liña da táboa para un mesmo «Cod» só pode ir unha actuación.

– O resto de datos numéricos (importes) arredondaranse tamén a dous decimais, separados usando (,), non punto (.) e non deberán ter separador de millares. Deberán ser valores, non fórmulas. É dicir, se son produto dun cálculo mediante unha fórmula, deberán copiarse e pegarse (pegado especial...) sobre a mesma cela como «valores».



– A orde das columnas na táboa é moi importante para o tratamento dos datos, polo que non se poderá variar. As liñas deberán vir ordenadas polo seu «Cod» de menor a maior. No caso de non axustarse ao pedido, non se poderán cargar os datos de maneira automática no programa informático e, polo tanto, tampouco poderá continuarse coa tramitación do expediente.

ANEXO X

Instrución para a presentación dos xustificantes de gasto e de pagamento das actuacións elixibles

1. Xustificantes de gasto. Consistirán en: facturas electrónicas ou copia das facturas orixinais en que se indicará se o importe se lle imputa total ou parcialmente á subvención. Neste último caso indicárase a contía exacta que resulte afectada pola subvención.

a) As facturas deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Número e, se é o caso, serie.
- A data da súa expedición.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- Número de identificación fiscal atribuído pola Administración española ou, se é o caso, pola doutro Estado membro da Comunidade Europea, con que realizase a operación o obrigado a expedir a factura.
- Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- Descrición das operacións. Consignaranse todos os datos necesarios para determinar a base impoñible do imposto, correspondente a aquelas, e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no dito prezo unitario.
- O tipo impositivo ou tipos impositivos, se é o caso, aplicados ás operacións.
- A cota tributaria que, se é o caso, lle repercute, deberá consignarse por separado.
- A data en que se efectuasen as operacións que se documentan, sempre que se trate dunha data distinta á de expedición da factura.



– No caso de que unha operación estea exenta ou non suxeita ao IVE, especificarase o artigo da normativa referida ao IVE que así o recoñece.

– Só se considerará elixible a base impoñible que figure na factura.

– Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas pro forma, tickets, xustificantes de recepción nin as facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tal ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.

– A factura da planta utilizada ten que estar expedida por un viveiro autorizado e tamén se admitirán as facturas emitidas por comercializadores que veñan acompañadas da copia da factura do viveiro autorizado ao comercializador. No caso de enxertado, na factura figurará a procedencia da variedade empregada para o enxertado.

2. Xustificantes do pagamento efectivo. A xustificación do pagamento realizarase mediante a presentación de copia dalgún dos documentos que se relacionan a seguir:

a) Presentaranse o xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo na entidade, certificación bancaria, etc.), en que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura. No caso de que o xustificante bancario sexa transferencia bancaria, deberá ser unha copia que estará selada pola entidade bancaria.

b) Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.), achegarase a copia da factura xunto coa copia do efecto mercantil, xunto coa documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación.

c) No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas obxecto del.

d) No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura a que se imputa o pagamento, e irá xunto cunha relación de todos os documentos de pagamento e importes acreditativos do pagamento desa factura.



e) No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pagamento a factura ou facturas cuxo pagamento se imputa ao proxecto.

f) No caso de facturas en moeda estranxeira, deben xuntarse os documentos bancarios de cargo en que conste o cambio utilizado.

ANEXO XI Carteis e placas

Os modelos de carteis e as placas que os beneficiarios de axudas Feader deben utilizar para cumprir coas obrigas recollidas no artigo 26, adaptaranse ao seguinte formato estándar en que o emblema da Unión Europea e a denominación do fondo, conxuntamente co lema, ademais da descrición do proxecto ou operación deberán ocupar como mínimo o 25 % do deseño.



CVE-DOG: yuk9wml1-a8u4-jxg9-otr0-3ydiivxwz2a



Cores e tipo de letra.

Cor branco fondo	Branco
Cor fondo 1	Gris
Cor fondo 2	Cian 100 %
Cor fondo 3	Negro
Tipo de letra	Rafale
Tipo de letra Feader e lema	News Gothic
Cor letra 1	Negro
Cor letra 2	Branco

Dimensións.

Axuda pública total		Cartel temporal	Placa permanente
>500.000 €	Dimensión mínima (A)	140 cm	30 cm
	Altura mínima chan (h)	150 cm	-

No caso de encontrarse en óptimas condicións de mantemento, o cartel temporal poderá ser utilizado como placa permanente.

Axuda pública total		Cartel	Placa
>50.000 €	Dimensión mínima (A)	100 cm	30 cm
	Altura mínima	130 cm	-

No caso de investimentos en infraestruturas, tales como camiños, operacións de reestruturación parcelaria, investimentos forestais como forestacións ou, en xeral, actuacións que abarcan unha grande área territorial, empregaranse preferentemente carteis. Cando o investimento financiado afecte un edificio, maquinaria ou similar, utilizaranse preferentemente placas.

Tanto os carteis como as placas serán de material resistente (ríxido ou semirríxido), non sendo admisible a simple impresión en papel. Colocaranse sempre nun lugar visible ao público.

O elemento publicitario debe manterse, polo menos, durante un prazo idéntico ao do compromiso que adquire o beneficiario ao recibir a subvención.



ANEXO XII
Cadro de importes máximos subvencionables

Actuación	Investimento total	Importe máximo subvencionable (sen IVE)
1.5. Rozas das superficies que conforme os puntos c), d), e) e g) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deberían estar ocupadas por especies frondosas do anexo I da lei e sexan colindantes coas superficies de rareos en masas de coníferas deberan rozarse na súa totalidade respectando os pés existentes de especies frondosas do anexo I da lei	515,16	515,16
1.1. Rareos en masas de coníferas con diámetro normal medio inferior a 15 cm, acadando unha densidade final entre 800 e 1.200 pés/ha	1.031,41	1.031,41
1.2. Trituración dos restos, picadura ou extracción para o aproveitamento como biomasa	682,68	682,68
1.3. Tope €/ha proxecto en rareos coníferas	47,85	47,85
1.4. Rareos en masas de coníferas con diámetro normal medio inferior a 15 cm, acadando unha densidade final entre 800 e 1.200 pés/ha, en masas onde xa se executou un rareo en rúas. Debéndose rozar a rúa, rarear a entre rúa e picar e extraer os restos	1.031,41	1.031,41
2.1. Rozas en masas de coníferas (poda)	515,16	515,16
2.2. Podas en masas de coníferas, ata unha altura mínima de 2 m e máxima de 4 m e cunha densidade final máxima de 1.200 pés/ha e mínima de 500 pés/ha	605,70	605,70
2.4. Trituración dos restos, picadura ou extracción para o aproveitamento como biomasa	682,68	682,68
2.5. Tope €/ha proxecto en podas coníferas	47,85	47,85
2.6. Rozas das superficies que conforme os puntos c), d), e) e g) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deberían estar ocupadas por especies frondosas do anexo I da lei e sexan colindantes coas superficies obxecto de poda en masas de coníferas deberán rozarse na súa totalidade respectando os pés existentes de especies frondosas do anexo I da lei	515,16	515,16
3.1. Rozas	696,73	696,73
3.2. Formación de guías en que se manifeste nitidamente a dominancia apical e a poda ata 1/3 da altura como mínimo	508,40	508,40
3.3. Selección de abrochos	694,87	694,87
3.4. Rareos	837,09	837,09
3.5. Tope €/ha proxecto en frondosas	47,85	47,85
4.1. Rozas	696,73	696,73
4.2. Podas con funxicida	661,40	661,40
4.3. Tratamento fitosanitario	131,87	131,87
4.4. Aumento da densidade dos soutos mediante a plantación de castiñeiro híbrido resistente á tinta	194,77	194,77
4.5. Tope €/ha proxecto en castiñeiros	47,85	47,85
5. Cartel identificativo (só elixible aos solicitantes que estean obrigados á súa colocación segundo o artigo 26)	255,00	255,00

